CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2011

IUS SEMPER PRIMUM

IUS SEMPER PRIMUM

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2011

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

MEMORIA 2011

que o Consello Consultivo de Galicia en Pleno eleva ao Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro

IUS SEMPER PRIMUM

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2012

CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA 2

I. INTRODUCIÓN 6

II. O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA 7
1. Composición en 31 de decembro de 2011 8
2. Normativa reguladora 9
3. Medios 10
3.1. Persoal 10
3.2. Orzamento 2011 11

III. ACTIVIDADE CONSULTIVA 13
1. Datos estatísticos relativos aos ditames emitidos 14
1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante 14
· Administración autonómica: 508 14
· Administración local: 133 15
· Administración universitaria: 4 15
· Outras administracións: 1 15
– Total de expedientes do ano 2011: 646 15
1.2. Clasificación dos ditames por materias 26
1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames 28
1.4. Comunicación das resolucións 29
1.5. Fórmula de incorporación dos ditames 30
1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia 30
1.7. Ditames aprazados 30
1.8. Relación de ditames (anexo, páxina 103-144) 31
2. Sesións realizadas no ano 2011 31
– Pleno: 42 31
Sección Primeira: 36 32
Sección Segunda: 39 32

IV. ACTIVIDADE NON CONSULTIVA **33**

1. Publicación dos ditames **34**

2. Páxina web **35**

3. XV aniversario da constitución do Consello Consultivo de Galicia **35**

3.1. II Xornadas de Letrados de Consellos Consultivos Autonómicos 38

4. XIII Xornadas da Función Consultiva **40**

5. Xornadas, seminarios e cursos **42**

5.1. Xornada "A Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia" 42

5.2. Curso "A función consultiva para a Administración local" 44

5.3. Xornada sobre "Función xurisdicional e función consultiva" 44

5.4. Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia" 45

6. Actos e actividades institucionais **47**

7. Presentación do libro "La prestación de servicios sanitarios ante los retos del siglo XXI" **48**

8. *Practicum* da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela **49**

9. Memoria anual de actividades **50**

V. QUINCE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA **52**

1. Datos estatísticos relativos aos expedientes ditaminados durante o período 1996 - 2011 **52**

VI. OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS **56**

1. Proxectos normativos **57**

1.1. Análise do procedemento de elaboración de regulamentos: primeiro ano de aplicación do réxime previsto na LOFAXGA. 57

– Fase inicial 59

– Fase intermedia 62

– Fase final 68

1.2. O informe tecnolóxico e funcional previsto no artigo 21.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro. 73

2. Revisión de oficio dos actos administrativos **76**

3. Contratos administrativos **88**

3.1. A interpretación dos contratos administrativos 88

3.2. A incautación da garantía definitiva e a indemnización de danos e perdas nos casos de resolución contractual imputable ao adxudicatario 93

4. Responsabilidade patrimonial das administracións públicas **95**

4.1. A concorrencia de varias administracións públicas na causación do dano sen mediar unha "xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación" 95

4.2. Dous apuntamentos verbo da tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial sanitaria 100

ANEXO **102**

— ÍNDICE NUMÉRICO DE DITAMES **102**

I
INTRODUCIÓN

A presente memoria, correspondente ao ano 2011, foi aprobada polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia, na sesión que tivo lugar o día 16 de maio de 2012, para a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

Conforme prevé o artigo 11 do Decreto 282/2003, do 22 de maio, a memoria recolle, en esencia, a actividade desenvolvida polo Consello Consultivo durante o ano 2011, en que se cumpren quince anos desde a súa creación, e comprende tamén, por tal razón, un resumo deste período. Así mesmo, recolle as observacións e suxestións que se considera oportuno realizar en relación cos actos e procedementos administrativos obxecto habitual de ditame.

II
O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

1. COMPOSICIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2011

PLENO

Presidenta:

Dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón

Conselleiros electivos:

Don José Gonzalo de la Huerga Fidalgo
Don José Luis Costa Pillado
Don Francisco Javier D'Amorín Viéitez
Don Carlos Martínez-Buján Pérez

Conselleiros natos:

Don Gerardo Fernández Albor
Don Emilio Pérez Touriño

Secretaria xeral:

Dona Ana María López Guizán

SECCIÓNS

Sección Primeira:

Presidenta:

Dona M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón

Conselleiros:

Don Francisco Javier D'Amorín Viéitez
Don Carlos Martínez-Buján Pérez
Don José Gonzalo de la Huerga Fidalgo

Secretario:

Don Constantino Alvarellos Galve

Sección Segunda:

Presidente:

Don José Luis Costa Pillado

Conselleiros:

Don Francisco Javier D'Amorín Viéitez
Don Carlos Martínez-Buján Pérez
Don José Gonzalo de la Huerga Fidalgo

Secretario:

Don Abelardo Blanco Serrano

2. NORMATIVA REGULADORA

Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm. 229, do 20 de novembro); modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo (DOG núm. 153, do 8 de agosto), e pola Lei 16/2008, do 23 de decembro (DOG núm. 253, do 31 de decembro).

Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia (DOG núm. 120, do 23 de xuño).

Resolución do 15 de decembro de 2010 (DOG núm. 247, do 27 de decembro) pola que se fai público o acordo plenario polo que se establece o número, distribución de asuntos e composición das seccións deste organismo para o ano 2011.

3. MEDIOS

3.1. Persoal

De acordo co artigo 21 da Lei 9/1995, o Consello Consultivo de Galicia conta co seu propio corpo de letrados. O resto das prazas de persoal, correspondentes aos servizos de apoio, —segundo o artigo 23 da súa lei constitutiva—, son cubertas por persoal funcionario da Comunidade Autónoma.

Durante o ano 2011 o Consello Consultivo de Galicia contou co seguinte persoal:

Escala de letrados

Don Juan José Gallego Fouz (en situación de servizos especiais desde setembro de 2011)
Don Constantino Alvarellos Galve
Don Abelardo Blanco Serrano
Don Pablo José López Paz
Dona Ana M.ª López Guizán
Dona M.ª José Quintana Acebo
Don Manuel Cutrín Domínguez
Don José Carlos López Corral

Persoal de servizos de apoio

Servizo de Administración e Xestión
Don Juan C. Porrúa Pardal

Sección de Estudos e Comunicación
Dona Beatriz Rodríguez Fraga

Documentación e biblioteca
Dona María José Fábregas Valcarce

Servizos administrativos
Dona M.ª Dolores Matilde Fernández López
Dona M.ª Dolores Tarrío Potel
Dona M.ª del Carmen Paz Galván
Dona María Bargados Bargados
Dona Purificación Mauriz Montero
Dona M.ª del Carmen Betanzos Pérez
Don Manuel Novo López
Don Francisco Javier Santos Pérez
Don Jose Luis Fernández Rey

3.2. Orzamento 2011

No seu conxunto o orzamento do Consello Consultivo de Galicia para o ano 2011 ascendeu á cantidade de dous millóns cento sesenta e cinco mil setecentos dezanove euros (2.165.719,00 €), o que supuxo unha minoración respecto do exercicio anterior en 107.622,00 €, é dicir un 4,97% menos.

Capítulo I. Gastos de persoal. Cuantifícanse, incluíndo Seguridade Social, nun millón seiscentos sesenta e oito mil cincuenta e dous euros (1.668.052,00 €), o que supón unha redución do 0,34%.

Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos. O orzamento deste capítulo para o exercicio 2011 acadou a cifra de trescentos sesenta e catro mil seiscentos sesenta e sete euros (364.667,00 €), o que significa unha mingua de orzamento neste capítulo de gastos dun 10,67%.

Capítulo VI. Investimentos reais. Neste capítulo o importe total para o ano 2011 foi de cento trinta e tres mil euros (133.000,00 €) o que supuxo unha minoración moi significativa en comparación co exercicio orzamentario anterior, cunha rebaixa do 47,37%.

Orzamentos 2011	2.165.719,00 €
Orzamentos 2010	2.273.341,00 €



Orzamento 2011 por capítulos		Var. 2011 vs. 2010
Capítulo I - persoal	1.668.052,00 €	-0,34%
Capítulo II - Gastos correntes	364.667,00 €	-10,67%
Capítulo VI - Investimentos	133.000,00 €	-47,37%



III
ACTIVIDADE CONSULTIVA

1. DATOS ESTATÍSTICOS RELATIVOS AOS DITAMES EMITIDOS

Durante o período xaneiro - decembro de 2011 foi solicitado o parecer deste órgano en relación con 648 expedientes correspondentes ao referido ano, fronte ás 573 solicitudes de ditames demandadas no ano 2010.

1.1. Clasificación dos asuntos por órgano solicitante

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA: 508

De acordo co Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	17
Consellería de Facenda	6
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	138
Consellería de Economía e Industria	10
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	35
Consellería de Sanidade	208
Consellería de Cultura e Turismo	5
Consellería de Traballo e Benestar	11
Consellería do Medio Rural	44
Consellería do Mar	34
Total	508

ADMINISTRACIÓN LOCAL: 133

Deputacións provinciais	17
Concellos	116
Total	133

ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 4

Universidade da Coruña	1
Universidade de Santiago de Compostela	1
Universidade de Vigo	2
Total	4

OUTRAS ADMINISTRACIÓNS: 1

Parlamento de Galicia	1
Total	1

• TOTAL DE EXPEDIENTES DO ANO 2011: 646

Administración autonómica	508
Administración local	133
Administración universitaria	4
Parlamento de Galicia	1
Total	646

Dentro da clasificación dos asuntos examinados establecida en virtude da procedencia da solicitude dos ditames, a **relación de ditames por materias solicitada por cada órgano** é a seguinte:

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA : 508

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: 17

Convenios e acordos de cooperación con outras CC.AA.: 2

Proxectos de regulamentos: 7

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 7

Deslindes entre termos municipais: 1

Consellería de Facenda: 6

Proxectos de regulamentos: 3

Recursos administrativos de revisión: 1

Revisións de oficio de actos administrativos: 2

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: 138

Convenios e acordos de cooperación con outras CC.AA.: 1

Proxectos de regulamentos: 4

Recursos administrativos de revisión: 1

Revisións de oficio de actos administrativos: 2

Contratos administrativos: 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 127

Consellería de Economía e Industria: 10

Proxectos de regulamentos: 9

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: 35

Proxectos de regulamentos: 9

Revisións de oficio de actos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 25

Consellería de Sanidade: 208

Convenios e acordos de cooperación con outras CC.AA.: 3

Proxectos de regulamentos: 1

Contratos administrativos: 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 201

Consellería de Cultura e Turismo: 5

Proxectos de regulamentos: 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 2

Consellería de Traballo e Benestar: 11

Convenios e acordos de cooperación con outras CC.AA.: 1

Proxectos de regulamentos: 4

Revisións de oficio de actos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 5

Consellería do Medio Rural: 44

Proxectos de regulamentos: 9

Recursos administrativos de revisión: 1

Revisións de oficio de actos administrativos: 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 32

Consellería do Mar: 34

Proxectos de regulamentos: 3

Revisións de oficio de actos administrativos: 1

Concesións administrativas: 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 27

ADMINISTRACIÓN LOCAL: 133

Deputacións provinciais: 17

Deputación Provincial da Coruña: 4

Contratos administrativos: 4

Deputación Provincial de Ourense: 11

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 11

Deputación Provincial de Pontevedra: 2

Contratos administrativos: 2

Concellos: 116

Concello da Coruña (A Coruña): 4

Contratos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 3

Concello de Ames (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Ares (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Arteixo (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Boqueixón (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Brión (A Coruña): 2

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Cambre (A Coruña): 1

Contratos administrativos: 1

Concello de Cedeira (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Coristanco (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Dodro (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Fene (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Ferrol (A Coruña): 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 2

Concello da Laracha (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Muros (A Coruña): 1

Contratos administrativos: 1

Concello de Muxía (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Noia (A Coruña): 4

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 4

Concello de Oleiros (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Ribeira (A Coruña): 4

Recurso extraordinario de revisión: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 3

Concello de Santiago de Compostela (A Coruña): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Vilasantar (A Coruña): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Carballedo (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Lugo (Lugo): 1

Recurso extraordinario de revisión: 1

Concello de Meira (Lugo): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Ourol (Lugo): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Ribadeo (Lugo): 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 2

Concello de Sarria (Lugo): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Allariz (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Amoeiro (Ourense): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Boborás (Ourense): 1

Contratos administrativos: 1

Concello de Celanova (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Melón (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial 1

Concello de Ourense (Ourense): 22

Contratos administrativos: 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 19

Concello de Piñor (Ourense): 1

Contratos administrativos: 1

Concello de San Cibrao (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial

Concello de Sandiás (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Toén (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Verín (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Xinzo de Limia (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Xunqueira de Espadanedo (Ourense): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello da Cañiza (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello da Guarda (Pontevedra): 8

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 8

Concello de Baiona (Pontevedra): 2

Contratos administrativos: 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Bueu (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Caldas de Reis (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Cambados (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Cangas (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Cotobade (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Gondomar (Pontevedra): 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 3

Concello de Moraña (Pontevedra): 3

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 3

Concello de Nigrán (Pontevedra): 3

Revisión de oficio de actos administrativos: 2

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello do Grove (Pontevedra): 2

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Poio (Pontevedra): 1

Contratos administrativos: 1

Concello de Ponteareas (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Pontevedra (Pontevedra): 4

Contratos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 3

Concello do Porriño (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Redondela (Pontevedra): 1

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra): 4

Revisión de oficio de actos administrativos: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 3

Concello de Soutomaior (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Tui (Pontevedra): 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Concello de Vigo (Pontevedra): 1

Recurso extraordinario de revisión: 1

ADMINISTRACIÓN UNIVERSITARIA: 4

Universidade da Coruña: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Universidade de Santiago de Compostela: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1

Universidade de Vigo: 2

Revisión de oficio de actos administrativos: 2

OUTRAS ADMINISTRACIÓNS: 1

Parlamento de Galicia: 1

Reclamacións de responsabilidade patrimonial: 1



Ditames por administración de procedencia

XUNTA DE GALICIA

Expedientes enviados pola Administración autonómica no ano 2011

	TOTAIS	CA[1]	PR	RAR	RO	CONT. AD	CsAD	RRP	DTM	% s/T
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	**17**	2	7					7	1	3,35%
CONSELLERÍA DE FACENDA	**6**		3	1	2					1,18%
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	**138**	1	4	1	2	3		127		27,17%
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA	**10**		9					1		1,97%
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	**35**		9		1			25		6,89%
CONSELLERÍA DE SANIDADE	**208**	3	1			3		201		40,94%
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO	**5**		3					2		0,98%
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR	**11**	1	4		1			5		2,17%
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	**44**		9	1	2			32		8,66%
CONSELLERÍA DO MAR	**34**		3		1		3	27		6,69%
TOTAL	**508**	7	52	3	9	6	3	427	1	100 %

[1] **CA:** Convenios e acordos coop. **PR:** proxectos regulamento. **RAR:** rec. adtivo.revisión. **RO:** revisión oficio. **CONT.AD:** contratos adtivos. **CsAD:** concesións adtivas. **RRP:** reclamacións resp. patrimonial. **DTM:** deslindes entre termos municipais.

– EXPEDIENTES ENVIADOS POLA ADMINISTRACIÓN LOCAL NO ANO 2011

DISTRIBUCIÓN POR PROVINCIAS	Núm. exps.	%
A Coruña	32	24,06%
Lugo	7	5,26%
Ourense	34	25,56%
Pontevedra	43	32,33%
DISTRIBUCIÓN POR DEPUTACIÓNS		
Deputación da Coruña	4	3,01%
Deputación de Ourense	11	8,27%
Deputación de Pontevedra	2	1,50%
Total	133	100 %
DISTRIBUCIÓN POR MATERIAS		
Recursos extraordinarios de revisión	3	2,26%
Revisións de oficio	17	12,78%
Contratos administrativos	17	12,78%
Reclamacións de responsabilidade patrimonial	96	72,18%

1.2. Clasificación dos ditames por materias

A relación de ditames por títulos competenciais previstos no artigo 11 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, desenvolvida polo Decreto 282/2003, do 22 de maio, é a seguinte:

Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas	7
Proxectos de regulamentos	52
Recursos administrativos de revisión	6
Revisións de oficio de actos administrativos	28
Contratos administrativos	23
Concesións administrativas	3
Reclamacións de responsabilidade patrimonial	526
Expedientes de deslindes entre termos municipais	1
Consultas facultativas	0
Total	646

Ditames por materias no 2011



1.3. Conclusión ou sentido final dos ditames

Do total dos 646 expedientes remitidos para o seu exame por parte deste consello, 122 foron obxecto dun acordo de devolución, ao abeiro do artigo 48.3 do Decreto 282/2003, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que o faculta para devolver o correspondente expediente co fin de que a Administración activa consultante emende os defectos observados, sen a emisión do preceptivo ditame, e procedeuse ao arquivo de todo o actuado. Neste sentido, dos 122 expedientes obxecto de devolución, 95 foron novamente remitidos polo organismo de procedencia, unha vez atendido o requirimento do Consello logo de emendar as deficiencias procedementais observadas.

A conclusión ou sentido final dos ditames emitidos é a seguinte:

Favorables	472	67,82%
Desfavorables	102	14,66%
Acordos de devolución	122	17,53%



1.4. Comunicación das resolucións

O artigo 60 do Decreto 282/2003, polo que se aproba o Regulamento do Consello Consultivo, establece a obriga de que o órgano ou institución consultante comunique no prazo de quince días a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada. O cumprimento da dita prescrición, presenta os seguintes resultados:

Comunicados	281	43.50 %
Non comunicados	365	56,50 %
Total	646	

1.5. Fórmula de incorporación dos ditames

Os artigos 3 da lei e 6 do decreto sinalan que as disposicións e resolucións sobre asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia, cando sexa preceptiva a súa intervención nelas, se se toman de acordo co seu ditame, expresaranse coa fórmula "… *de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia*", e se non se toman de acordo co ditame daquel, coa de "... *oído o Consello Consultivo de Galicia*". O resumo correspondente a este apartado nos expedientes ditaminados foi o seguinte:

De acordo	266	95%
Oído	15	5%

1.6. Consultas formuladas polo trámite de urxencia

Foron un total de 5 expedientes os que se someteron ao ditame do Consello Consultivo polo trámite de urxencia, previsto no artigo 52 do Decreto de organización e funcionamento, que acurta, cando menos, á metade o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames, logo da motivación.

1.7. Ditames aprazados

Do total de 646 expedientes ditaminados no ano 2011, 65 deles foron aprazados ao abeiro do artigo 54 do Regulamento de organización e funcionamento (Decreto 282/2003, do 22 de maio), segundo o cal o Consello Consultivo poderá acordar a ampliación dos prazos por un período que non excederá a metade do inicialmente establecido.

1.8. Relación de ditames (anexo, páxina 103-144)

2. SESIÓNS REALIZADAS NO ANO 2011

– Pleno: 42

9 de febreiro	19 de maio	10 de agosto	10 de novembro
16 de febreiro	25 de maio	23 de agosto	17 de novembro
28 de febreiro	1 de xuño	25 de agosto	23 de novembro
3 de marzo	16 de xuño	1 de setembro	30 de novembro
10 de marzo	22 de xuño	7 de setembro	12 de decembro
22 de marzo	29 de xuño	14 de setembro	14 de decembro
31 de marzo	6 de xullo	21 de setembro	22 de decembro
14 de abril	12 de xullo	6 de outubro	28 de decembro
2 de maio	19 de xullo	13 de outubro	30 de decembro
4 de maio	28 de xullo	19 de outubro	
11 de maio	3 de agosto	26 de outubro	

– Sección Primeira: 36

12 de xaneiro	23 de marzo	1 de xuño	26 de outubro
19 de xaneiro	30 de marzo	9 de xuño	3 de novembro
26 de xaneiro	6 de abril	16 de xuño	10 de novembro
2 de febreiro	14 de abril	22 de xuño	17 de novembro
9 de febreiro	28 de abril	29 de xuño	23 de novembro
16 de febreiro	4 de maio	27 de setembro	30 de novembro
2 de marzo	11 de maio	6 de outubro	14 de decembro
10 de marzo	19 de maio	13 de outubro	22 de decembro
16 de marzo	25 de maio	19 de outubro	28 de decembro

– Sección Segunda: 39

13 de xaneiro	23 de marzo	27 de maio	27 de outubro
20 de xaneiro	25 de marzo	2 de xuño	28 de outubro
27 de xaneiro	8 de abril	9 de xuño	4 de novembro
1 de febreiro	15 de abril	17 de xuño	10 de novembro
10 de febreiro	21 de abril	23 de xuño	17 de novembro
17 de febreiro	28 de abril	30 de xuño	24 de novembro
24 de febreiro	5 de maio	22 de setembro	1 de decembro
3 de marzo	12 de maio	28 de setembro	15 de decembro
10 de marzo	19 de maio	6 de outubro	22 de decembro
17 de marzo	20 de maio	20 de outubro	

IV
ACTIVIDADE NON CONSULTIVA

1. PUBLICACIÓN DOS DITAMES

Como vén sendo costume todos os anos, neste realizouse tamén unha nova edición dos ditames emitidos ao longo de 2010, que se distribuíu de forma gratuíta entre entidades públicas e privadas do máis variado ámbito de actuación.

A edición dos ditames elaborados polo Consello Consultivo é un instrumento que permite dar a coñecer o seu labor. Na publicación, que corresponde aos ditames emitidos durante o ano 2010, mantense o mesmo esquema que na de anos precedentes, e contén: un índice xeral de ditames, un índice segundo o órgano solicitante e un índice de voces xurídicas.

Os ditames conteñen un resumo dos antecedentes, un extracto da doutrina e as consideracións formuladas. Como xa ocorreu noutras edicións, e debido ao gran volume de ditames emitidos, a publicación recolle soamente unha selección dos ditames máis destacados. Así mesmo, a edición do libro de ditames correspondente ao ano 2010 editouse en formato CD-ROM, dada a simpleza do seu manexo, e, tamén, se fixo unha edición en papel.

A publicación foi distribuída do modo seguinte:

Administración autonómica.- consellerías; secretarías xerais, asesorías xurídicas, servizos técnicos xurídicos e delegacións provinciais.

Entes e organismos públicos galegos

Universidades.

Administración local.- municipios, deputacións provinciais e Federación Galega de Municipios e Provincias.

Parlamento de Galicia.

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Valedor do Pobo.

Consello de Contas.

Consello da Cultura Galega.

Decanos dos colexios de Avogados, Notarios, Procuradores, Rexistradores da Propiedade, Consello Galego da Avogacía, Asociación Galega de Avogados e Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

Bibliotecas do Congreso e do Senado.

Facultades de dereito das universidades galegas.

Consello de Estado e consellos consultivos das outras comunidades autónomas.

2. PÁXINA WEB

O Consello Consultivo creou, consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e da comunicación, a súa páxina web propia e específica. Páxina que permite a consulta en liña dos ditames, unha ferramenta moi utilizada e valorada polos usuarios.

A web, ademais de información xeral referida á entidade (organización, sede, servizos e enderezos de interese), presenta a posibilidade de consultar o texto completo dos ditames elaborados desde 1996. Ademais, presenta unha sección chamada *Novas* onde os usuarios poden consultar os ditames máis salientables emitidos recentemente; a actualidade do Consello; a contratación administrativa e os procesos selectivos en curso.

3. XV ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Con motivo da celebración do décimo quinto aniversario da constitución do Consello Consultivo de Galicia, o Pleno desta institución acordou homenaxear os membros do primeiro Consello coa concesión da Medalla de Ouro deste órgano.

Segundo consta na acta da sesión plenaria do Consello celebrada o 16 de febreiro de 2011, os homenaxeados son: José Antonio García Caridad, José Mª. Gómez y Díaz-Castroverde, José Luís de la Torre Nieto, Antonio Carro Fernández-Valmayor e Pablo Moure Mariño (a título póstumo).

Expóñense, como méritos, o "*recoñecemento do seu labor profesional como xuristas en beneficio da Administración pública galega, ao pór en marcha este órgano institucional, creando e organizando as súas estruturas de apoio e, coa súa dedicación, colaboración e vocación de servizo, ter logrado que se consolidase como o máximo órgano consultivo técnico-xurídico da nosa Comunidade Autónoma*".

O presidente da Xunta de Galicia, a presidenta do Parlamento de Galicia e a presidenta do Consello Consultivo no acto conmemorativo do XV aniversario desta institución

Ao acto conmemorativo do XV aniversario deste organismo, que estivo presidido polo xefe do Executivo autonómico, Alberto Núñez Feijóo, asistiron a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera; o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares Paz; o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas Sobreira; e o conselleiro maior do Consello de Contas, Luciano Fariña Busto. Previo ao acto de entrega das medallas, o presidente da Xunta de Galicia asinou no Libro de Honra da institución, seguido dos homenaxeados.

Tras facer un breve repaso polo marco legal que serviu de base para a constitución deste órgano de asesoramento, Mª. Teresa Conde-Pumpido, presidenta do Consello Consultivo, destacou que a acción desenvolvida polo Consello non só reitera o autogoberno de cada autonomía, senón que achega unha maior eficacia aos órganos de xestión e goberno, como exixe a Constitución.

A presidenta deste organismo salientou que, precisamente co gallo da celebración deste aniversario, o Consello Consultivo de Galicia quixo agasallar os seus cinco primeiros membros. Afirma neste sentido M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón que*"Hoxe queremos salientar o seu mérito de ter posto en marcha este*

órgano institucional, creando e organizando as súas estruturas de apoio, regulando o procedemento de consulta e sentando as bases para a súa consolidación".

O presidente da Xunta e a presidenta do Consello Consultivo xunto aos membros do primeiro CCG e os actuais

Como portavoz dos homenaxeados, José Antonio García Caridad defendeu "a independencia" como a nota máis importante en momentos en que o poder Executivo representa unha forza expansiva que dispón de grandes medios para a captación de vontades.

Finalmente, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, resaltou o papel do Consello Consultivo na "arquitectura institucional de Galicia" e considerou que os premiados son símbolos do país, que definiu como unha comunidade moderna, libre e avanzada, sin conflictos e división internas, non por ser uniforme, senón por integrar a pluralidade.

3.1. II Xornadas de Letrados de Consellos Consultivos Autonómicos

O Consello Consultivo de Galicia coincidindo co seu XV aniversario, organizou as II Xornadas de Letrados de Consellos Consultivos Autonómicos.

A presidenta do Consello Consultivo de Galicia, Mª. Teresa Conde-Pumpido Tourón, acompañada da secretaria xeral desta institución, Ana M.ª López Guizán, inaugurou estas xornadas dirixidas a letrados que reuniron durante dous días a máis de sesenta letrados pertencentes aos diferentes consellos consultivos autonómicos do territorio nacional.

Con estas xornadas o Consello Consultivo de Galicia contribuíu á unificación de doutrinas e criterios nas diferentes cuestións actuais da función consultiva, con especial fincapé no estudo e análise de temas como a elaboración dos regulamentos, os contratos e procedementos administrativos ou a revisión de oficio das licenzas e plans urbanísticos.

Nas dúas primeiras intervencións tratáronse aspectos como o *"tratamento dos defectos procedementais nos expedientes de elaboración de regulamentos"* e *"a revisión de oficio dos plans urbanísticos"*, e os seus relatores foron José M. Rodríguez Muñoz, de Extremadura, e Concepción Cobacho Gómez, de Murcia.

Participantes nas II Xornadas de Letrados de Consellos Consultivos Autonómicos

A intervención de Pablo López Paz, letrado do Consello Consultivo de Galicia, versou sobre a *"Revisión de oficio das licenzas urbanísticas. O seu outorgamento por silencio administrativo"*; e a seguir interviu Ignacio Granado Hijelmo, da Comunidade de La Rioja co relatorio *"Os límites ao exercicio da revisión de oficio do artigo 106 da Lei 30/1992"*.

Representantes de órganos consultivos de Cataluña, Madrid, e Castilla–La Mancha, falaron de *"Presupostos para a modificación dos contratos administrativos e os instrumentos de reequilibiro do contrato, en especial a prórroga"*, de *"Inadmisibilidade nos procesos administrativos, con especial referencia aos supostos de reclamacións de responsabilidade patrimonial"* e de "*Extensión do prazo nos procedementos administrativos, particularmente dos de revisión de oficio"*.

Por último, a secretaria xeral do Consello Consultivo de Galicia, Ana M.ª López Guizán, e o representante do Consello de Estado, Leopoldo Calvo-Sotelo Ibáñez-Martín, foron os moderadores dun debate sobre cuestións actuais da función consultiva, co que se puxo fin a dous días de traballo e posta en común do labor que os corpos de letrados de órganos consultivos autonómicos desenvolven no día a día.

4. XIII XORNADAS DA FUNCIÓN CONSULTIVA

Os días 28 e 29 de setembro tiveron lugar en Vitoria-Gasteiz as XIII Xornadas da Función Consultiva, organizadas pola Comisión Xurídica Asesora de Euskadi, dirixidas a conselleiros e letrados da función consultiva.

Na primeira das xornadas tratouse un tema de candente actualidade, o das repercusións do incumprimento do dereito da Unión Europea nas comunidades autónomas. Na primeira das conferencias abordouse o tema "*As posibilidades de intervención das comunidades autónomas nos procesos por incumprimento ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea"* por Joaquín Huelin Martínez de Velasco, maxistrado da Sala Terceira do Tribunal Supremo. A continuación Germán Fernández Farreres, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid falou da repercusión sobre a comunidade autónoma incumpridora cando o Estado resultou condenado polo incumprimento do dereito da Unión Europea.

Participantes nas XIII Xornadas da Función Consultiva

Rematou esa primeira xornada coa intervención de Edorta Cobreros Mendazona, catedrático de Dereito Administrativo da Universidade do País Vasco/ Euskal Herriko Unibertsitatea, que falou sobre *"A responsabilidade patrimonial das Comunidades Autónomas polo incumprimento do dereito da Unión Europea"*.

A segunda das xornadas versou sobre a modernización da linguaxe xurídica e as experiencias de distintas comisións para a súa modernización. O primeiro relatorio foi o de Salvador Gutiérrez Ordóñez, académico da Real Academia Española, titulado *"A corrección lingüística nos textos legais"*.

Desenvolvemento dun dos relatorios das xornadas

O último relatorio correu a cargo de Estrella Montolío Durán, catedrática de Lingua Española da Universidade de Barcelona e asesora en temas de comunicación, que falou das *"Técnicas de escritura para elaborar documentos xurídicos claros e precisos. A experiencia da Comisión para a Modernización do Discurso Xudicial"*. Remataron as xornadas cun coloquio e as súas conclusións.

5. XORNADAS, SEMINARIOS E CURSOS

5.1. Xornada "A Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia"

A xornada foi organizada pola Escola Galega de Administración Pública en colaboración co Consello Consultivo de Galicia, a Asesoría Xurídica Xeral e a

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No acto de inauguración participaron Alfonso Rueda Valenzuela, conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza; M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón, presidenta do Consello Consultivo de Galicia; e Pablo Figueroa Dorrego, director da Escola Galega de Administración Pública,

Durante a presentación recordouse que esta norma institucional básica é a primeira en trinta anos que regula o funcionamento da Administración e do sector público de Galicia. Ademais, o conselleiro salientou que mediante esta lexislación se poderá establecer un maior control sobre as contratacións e limitar as retribucións do persoal de alta dirección das entidades instrumentais.

Acto de inauguración da xornada sobre a nova Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia

Estas xornadas, que tiveron unha duración de dous días, serviron para analizar, debater e estudar a nova Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, nos seus principais aspectos, como son os seus principios xerais, o exercicio da competencia de órganos colexiados, a organización da Administración xeral, entre outros.

5.2. Curso "A función consultiva para a Administración local"

O Consello Consultivo de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, organizou un curso sobre a función consultiva para a Administración local que se celebrou nas cidades de Vigo e Lugo.

Con esta acción formativa, que tivo unha duración de 20 horas lectivas, pretendeuse dar a coñecer no ámbito da Administración local a doutrina sentada polo Consello Consultivo de Galicia nas distintas materias en que a súa intervención é preceptiva.

As materias impartidas foron desde a responsabilidade patrimonial das administracións públicas ata a revisión de oficio, pasando pola contratación pública e a alteración de termos municipais. O curso foi dirixido fundamentalmente ao persoal funcionario ao servizo das entidades locais e os seus organismos públicos.

Tanto para o Consello Consultivo de Galicia como para a EGAP é de grande importancia trasladar ás administración locais a experiencia e a doutrina deste órgano superior consultivo, dado o elevado número de entidades locais existentes en Galicia que, en ocasións, ven retardada a súa actividade por non coñecer suficientemente determinados aspectos xurídicos.

5.3. Xornada sobre "Función xurisdicional e función consultiva"

A xornada, celebrada en Santiago de Compostela, estivo organizada en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e coa Xunta de Galicia.

Tras a apertura das xornadas falou a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón, sobre "*Función consultiva e elaboración de disposicións de carácter xeral"*, e a continuación Eduardo Menéndez Rexach, director do Gabinete do Consello Xeral do Poder Xudicial, sobre *"Función consultiva do Consello Xeral do Poder Xudicial"*. Pola tarde abordáronse dous temas: *"A proba no procedemento de responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria"* a cargo de Juan Carlos Trillo Alonso, maxistrado da Sala Terceira do Tribunal Supremo e *"A expropiación do solo para sistemas xerais"* por José Manuel Sieira Míguez, presidente da Sala Terceira do Tribunal Supremo.

Fernando Ledesma Bartret, conselleiro permanente do Consello de Estado participou co relatorio "*Ditames do Consello de Estado sobre os anteproxectos de lei: observación á legalidade e á oportunidade*". Por último, Pascual Sala Sánchez, presidente do Tribunal Constitucional, abordou algúns aspectos sobre a protección xurisdicional dos dereitos fundamentais.

5.4. Curso "A función de control da Administración consultiva: o Consello Consultivo de Galicia"

Esta actividade formativa, que foi organizada polo Consello Consultivo de Galicia (CCG) en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP), tivo lugar os días 17, 18, 19, 20, 24, 25 e 26 de outubro de 2011. Os sete módulos en que se organizou o curso pretenderon, por una banda, construír unha canle de divulgación da doutrina sentada polo Consello nas materias obxecto da súa competencia e, por outra, permitir a apertura dun foro de debate sobre elas.

O curso, para o que se habilitaron 25 prazas, estaba destinado a persoal dos grupos A1, A2 e C1 ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia, os seus organismos públicos e demais entes dependentes dela.

Participantes do curso realizado na biblioteca da sede do Consello Consultivo

O curso organizouse en sete módulos e todos eles foron impartidos polo persoal da escala de letrados do Consello Consultivo

MÓDULO I, impartido por Manuel Cutrín Domínguez; versou sobre *"A Administración consultiva da Comunidade Autónoma de Galicia: O Consello Consultivo de Galicia"*.

MÓDULO II, tamén impartido por Manuel Cutrín Domínguez, versou sobre *"O control da potestade regulamentaria. O regulamento. Relacións entre lei e regulamento. Titularidade da potestade regulamentaria. O principio de reserva de lei"*.

MÓDULO III, a cargo de Ana López Guizán, tratou sobre o *"Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Normativa reguladora"*.

MÓDULO IV, impartido por Ana López Guizán, centrouse nas *"Directrices de técnica normativa"*.

MÓDULO V, o seu ponente, José Carlos López Corral, tratou sobre *"A responsabilidade patrimonial da Administración Pública"*.

MÓDULO VI, a cargo de José Abelardo Blanco Serrano, versou sobre *"A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos"*.

Por último, o MÓDULO VII, tamén impartido por José Abelardo Blanco Serrano, tratou da *"A revisión de oficio dos actos e disposicións administrativas de carácter xeral"*.

6. ACTOS E ACTIVIDADES INSTITUCIONAIS

Por outra banda, no transcurso do ano 2011, a presidenta do Consello Consultivo de Galicia, M.ª Teresa Conde-Pumpido Tourón, asistiu a diversos actos en representación do Consello Consultivo, entre os cales cabe destacar a súa participación no XXV aniversario do Consello Consultivo de Canarias ou a súa asistencia ao acto de nomeamento do presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoó, como membro de honra da Asociación de Juristas Gallegos en Madrid (Iurisgama), que tivo lugar na sede da Casa de Galicia en Madrid.

Ese labor institucional desenvolveuse tamén en distintos actos realizados na nosa comunidade autónoma, entre os cales cabe destacar a súa participación no acto de inauguración en Santiago de Compostela da biblioteca e o arquivo da Cidade da Cultura, que contou coa asistencia dos príncipes de Asturias; a súa asistencia ao acto de xura dos xuíces da 61ª promoción celebrado no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao acto de imposición da Cruz de Honra da Orde de San Raimundo de Peñafort a Jesús Salvador Fernández Moreda, ex-presidente da Deputación da Coruña, ou ao acto de imposición das medallas Castelao do ano 2011. Tamén cabe destacar a súa

participación como relatora no curso sobre *"Jurisdicción social: el nuevo derecho del trabajo"* da Aula Iberoamericana, celebrado na Coruña; a súa participación nas xornadas organizadas polo Centro Galego de Relación Laborais co relatorio: *"A nova Lei da xurisdición social"* así como en distintas actividades organizadas pola Escola Galega de Administración Pública e noutros actos institucionais.

7. PRESENTACIÓN DO LIBRO *"LA PRESTACIÓN DE SERVICIOS SANITARIOS ANTE LOS RETOS DEL SIGLO XXI"*

A obra ten a súa orixe nun curso de verán celebrado en Santiago de Compostela, do 21 ao 24 de setembro de 2009, no contexto dos cursos de verán da Universidade de Santiago de Compostela, e nela abordouse tanto desde a perspectiva médico-sanitaria como desde a perspectiva xurídica, o complexo fenómeno da prestación dos servizos sanitarios na actualidade. A presidenta do Consello Consultivo de Galicia presidiu o acto xunto ao comisionado para Ciencias da Saúde da USC, Manuel Macía Cortiñas, e a secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Sagrario Pérez Castellanos, así como a profesora de Dereito Civil da USC, Belén Trigo García, como coordinadora da obra.

A presidenta do Consello Consultivo no acto de presentación do libro "La prestación de servicios sanitarios ante los retos del siglo XXI"

O libro aborda nos seus primeiros capítulos a relación entre o persoal sanitario e o paciente, para despois tratar o consentimento informado e a responsabilidade dos

profesionais sanitarios, tanto desde un punto de vista conceptual como xurisprudencial, tendo en conta os criterios establecidos tanto polo Tribunal Supremo como polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A doazón de órganos e as instrucións previas ou vontades anticipadas, xunto con cuestións complementarias como a evolución en materia de seguros da responsabilidade médico-sanitaria ou unha visión de dereito comparado no estudo da xurisprudencia italiana en materia de responsabilidade médica, tamén se tratan nesta publicación.

8. *PRACTICUM* DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como todos os anos, e como resultado do convenio asinado coa Universidade de Santiago, distintos alumnos e alumnas da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela elixiron realizar o *practicum* correspondente aos estudos de Dereito no Consello Consultivo de Galicia.

Durante o mes en que o alumnado está traballando neste órgano, instruíuselles sobre o seu funcionamento e sobre a doutrina e o modo de elaboración dos ditames, aos cales tiveron directamente acceso, tratando de primar así o carácter eminentemente práctico da súa estadía. Ao rematar o dito período este alumnado realiza un exercicio práctico, que xunto co aproveitamento acadado durante a súa estadía, conforma a cualificación final, en todos os casos satisfactoria.

Todos e todas estiveron tutelados pola letrada do Consello Consultivo de Galicia, M.ª José Quintana Acebo.

9. MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Como todos os anos, editouse a memoria de actividades do Consello correspondente ao ano 2010, en cumprimento do previsto no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro.

A Memoria 2010 foi presentada ao presidente da Xunta de Galicia para a súa posterior toma en consideración por parte do Consello da Xunta no marco da homenaxe aos membros integrantes do primeiro Consello Consultivo de Galicia.

A presidenta do Consello Consultivo de Galicia fai entrega ao presidente da Xunta da Memoria deste organismo correspondente ao ano 2010

A presidenta do Consello Consultivo lembrou que a propia lei deste órgano establece que dará conta pública e anualmente da acción desenvolvida, polo que aproveitou o marco para presentar a *'Memoria de actividades'* correspondente ao ano 2010.

Así, *"se nestes quince anos se emitiron máis de 10.000 ditames, o pasado ano 2010 o Consello Consultivo de Galicia foi requirido para asesoramento xurídico en 573 expedientes, dos cales 459 procedían da Administración autonómica, 109 da Administración local e 5 da Administración universitaria"*, afirmou a presidenta do Consello Consultivo. Do total dos informes, o 78,28% foron favorables *"e as disposicións e resolucións adoptadas polas administracións consultantes foron tomadas de acordo co noso ditame no 95% dos expedientes"*, engadiu Mª. Teresa Conde-Pumpido Tourón

Neste mesmo capítulo das actividades do Consello Consultivo de Galicia en 2010, a presidenta destacou tamén o éxito da páxina web do CCG, que permite a consulta en liña dos ditames, unha ferramenta *"moi utilizada e valorada polos usuarios"*, así como os cursos impartidos en colaboración coa EGAP sobre a función consultiva e o I Encontro Galego dos Consellos Consultivos do Camiño de Santiago.

Da devandita edición fíxose unha ampla distribución na Administración autonómica.

V
QUINCE ANOS DE FUNCIÓN CONSULTIVA

HISTÓRICO POR NÚMERO DE EXPEDIENTES E ADMINISTRACIÓN DE PROCEDENCIA

ANOS	AD. AUTONÓMICA	% S/ Total AA	AD. LOCAL	% s/ Total AL	AD. UNIVERS	% s/Total AU	AD. CORPORATIVA	TOTAIS	% s/ TOTAL
1996	93	1,01%	17	0,83%	1	1,64%	0	111	0,98%
1997	146	1,58%	18	0,88%	4	6,56%	0	168	1,48%
1998	239	2,59%	22	1,08%	5	8,20%	0	266	2,34%
1999	306	3,31%	23	1,12%	3	4,92%	0	332	2,93%
2000	465	5,03%	99	4,84%	2	3,28%	0	566	4,99%
2001	719	7,78%	93	4,55%	2	3,28%	0	814	7,17%
2002	650	7,04%	169	8,26%	0	0,00%	0	819	7,22%
2003	703	7,61%	222	10,85%	4	6,56%	0	929	8,19%
2004	583	6,31%	181	8,85%	4	6,56%	0	768	6,77%
2005	690	7,47%	229	11,19%	1	1,64%	1	921	8,12%
2006	833	9,02%	163	7,97%	5	8,20%	0	1001	8,82%
2007	902	9,76%	233	11,39%	1	1,64%	1	1137	10,02%
2008	1437	15,55%	252	12,32%	13	21,31%	0	1702	15,00%
2009	506	5,48%	83	4,06%	7	11,48%	0	596	5,25%
2010	459	4,97%	109	5,33%	5	8,20%	0	573	5,05%
2011	508	5,50%	133	6,50%	4	6,56%	1	646	5,69%
TOTAIS	9239	100,00%	2046	100,00%	61	100,00%	3	11349	
	81,408%		18,028%		0,537%		0,026%	100,00%	



	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
AD. AUTÓNOMICA	93	146	239	306	465	719	650	703	583	690	833	902	1437	506	459	508
AD. LOCAL	17	18	22	23	99	93	169	222	181	229	163	233	252	83	109	133
AD. UNIVERS	1	4	5	3	2	2	0	4	4	1	5	1	13	7	5	4
AD. CORPORATIVA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0	0	0	1
TOTAIS	111	168	266	332	566	814	819	929	768	921	1001	1137	1702	596	573	646

HISTÓRICO POR MATERIAS

ANOS	TOTAIS	CA	PR	RAR	RO	CONT.AD	CsAD	RRP	DTM	CF
1996	111	0	21	19	14	5	0	37	2	6
1997	168	0	22	42	30	13	0	56	1	1
1998	266	0	35	75	26	8	9	104	1	1
1999	332	0	27	44	33	3	2	221	0	1
2000	566	0	19	13	14	9	5	495	8	1
2001	814	2	25	8	17	12	3	738	2	2
2002	819	1	20	8	24	18	7	737	2	1
2003	929	0	28	14	24	8	0	848	4	0
2004	768	0	25	11	20	16	3	684	4	0
2005	921	0	29	7	53	12	5	808	3	1
2006	1001	1	36	8	21	10	3	915	0	0
2007	1137	1	52	4	18	9	6	1044	0	0
2008	1702	4	64	8	45	12	1	1564	1	1
2009	596	1	24	8	93	12	2	455	1	0
2010	573	4	54	8	31	19	2	452	2	1
2011	646	7	52	6	28	23	3	526	1	0
TOTAIS	11349	21	533	283	491	189	51	9684	32	16

VI
OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS

1. PROXECTOS NORMATIVOS

1.1. Análise do procedemento de elaboración de regulamentos: primeiro ano de aplicación do réxime previsto na LOFAXGA.

No ano 2001, ante a falta dunha normativa autonómica que, coa debida precisión, regulase o procedemento de elaboración dos regulamentos, o Consello Consultivo de Galicia aprobou un "*Acordo interpretativo sobre os trámites que se deben seguir nos procedementos de elaboración de disposicións xerais*", intentando definir con carácter xeral aqueles trámites que se xulgaban imprescindibles na elaboración daquelas normas.

Neste acordo interpretativo o Consello Consultivo, ademais de establecer os trámites e o seu contido e significado de acordo coa doutrina acumulada desde a súa posta en funcionamento, chamaba a atención sobre a necesidade de regular a materia, preferiblemente nunha norma con rango legal, co fin de salvagardar a plena xuridicidade da actuación administrativa e a garantía da seguridade xurídica da cidadanía destinataria das normas.

Esta moción foi asumida no ano 2010 coa aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (en diante, LOFAXGA), cuxo título II, capítulo II (artigos 40 a 44), regula o procedemento de elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral.

A lei parte da estruturación do procedemento de elaboración regulamentaria en tres fases claramente diferenciadas (artigo 40): a) unha fase inicial, que se desenvolve dentro da consellería que tivese a iniciativa normativa; b) unha fase intermedia, en que o proxecto normativo se somete a informes e opinión doutros órganos da Xunta e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, se for o caso, da cidadanía; e c) unha fase final, que consiste na aprobación definitiva da norma polo órgano competente.

En cada unha destas fases, como de seguido se verá, a LOFAXGA insire determinados trámites e actuacións, debendo notarse, como sinalou o CCG 560/11, que a inserción dos trámites legalmente previstos nunha fase ou outra do procedemento, non se pode entender como arbitraria nin sequera intercambiable pois esta responde

a un paulatino proceso de maduración e conformación do expediente ata acadar a súa culminación coa aprobación da norma en cuestión.

Por outra banda, a lei recolle un principio xeral de conservación e incorporación ao expediente de todos os ditames, informes e consultas realizadas, observacións e emendas que se formulen e de cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da norma ou poidan facilitar a súa interpretación (artigo 40.2), establecendo ao mesmo tempo como o impulso do procedemento en todas as súas fases corresponderá á consellería que tivese a iniciativa normativa (40.3), aínda que tamén se atribúe a facultade de iniciativa e impulso aos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (artigo 40.4).

Estas normas referidas á competencia para o inicio e impulso do procedemento de elaboración regulamentaria, deben cohonestarse co artigo 38.3 da LOFAXGA (no mesmo sentido, o artigo 5.2 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia) que refire como, no suposto de competencias coincidentes, corresponderá ao titular da Consellería da Presidencia, ademais de referendar a proposta ao Consello da Xunta dos conselleiros interesados, designar as consellerías que deben participar na elaboración regulamentaria ou, se é o caso, propoñer ao Consello da Xunta a constitución dunha comisión interdepartamental para estes efectos.

A transcendencia desta intervención do titular da Consellería de Presidencia foi posta de manifesto en distintos ditames do Consello Consultivo, entre outros, no CCG 737/07 en que se salientaba como "*… a devandita intervención da Consellería de Presidencia non está constrinxida á participación formularia no procedemento normativo nun trámite ulterior, con carácter previo á aprobación do texto normativo por parte do Consello da Xunta, senón que, por razóns de eficacia administrativa, tal departamento administrativo debe ter coñecemento do proxecto … nun momento procedemental anterior, no que sexa posible o exercicio efectivo das atribucións que naquel precepto lle son encomendadas e, en todo caso, a toma de razón da iniciativa regulamentaria allea*".

– Fase inicial

De conformidade co artigo 41.1 da LOFAXGA, a elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral será iniciada polo centro directivo correspondente, co acordo previo da persoa titular da consellería.

Loxicamente, de afectar a norma proxectada ás competencias de varias consellerías, tal acordo previo debería ser subscrito polos titulares das distintas consellerías implicadas, xa que non cabe a tramitación dunha norma daquelas características sen considerar todas as competencias afectadas (neste sentido, o CCG 635/07 ou 784/07).

O anteproxecto regulamentario, como dispón o artigo 41.2 da Lei, deberá ir acompañado polos seguintes documentos:

a) Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e oportunidade, así como sobre as modificacións e innovacións que contén.

   A virtualidade desta memoria, como xa subliñara o Consello Consultivo no seu Acordo interpretativo do ano 2001, é poñer de manifesto as razóns de oportunidade e conveniencia que concorren no tocante á adopción da iniciativa normativa (como pode ser, por exemplo, a existencia dunha lagoa normativa no ordenamento xurídico que é mester cubrir, ou a necesidade de innovar o ordenamento coa aprobación dun regulamento que deixe superada a regulación anterior na materia).

b) Unha memoria económico – financeira que conteña a regulación do custo a que pode dar lugar e, se é o caso, a forma do seu financiamento.

   O que se trata, logo, é de que nesta memoria se conteñan as estimacións dos custos económico–financeiros de que será preciso dispor para acadar os obxectivos do anteproxecto, sendo posible a súa medición en termos de custo – beneficio.

   Neste sentido cómpre sinalar que mediante orde da Consellería de Facenda do 3 de marzo de 2011 se estableceu o contido mínimo da memoria económico–financeira nos casos de iniciativa lexislativa ou aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación.

c) Un informe do servizo técnico–xurídico correspondente da consellería en que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa normativa.

   Atopámonos, en definitiva, ante un informe xurídico, distinto do ulterior da Asesoría Xurídica Xeral (artigo 43.1), no que se debe realizar unha análise do marco constitucional, estatutario e legal da norma proxectada e, sinaladamente, do seu encadramento e inserción no ordenamento xurídico co fin de evitar desestruturacións normativas ou mesmo vulneración de normas legais (neste sentido o CCG 693/06 ou 476/11).

d) Unha táboa de vixencias: tamén se debe recoller no anteproxecto normativo unha cláusula ou disposición derrogatoria na cal se enumeren expresamente as normas de igual ou inferior rango que se pretenden derrogar.

Trátase dunha exixencia que, en prol da seguridade xurídica, trata de evitar as cláusulas xenéricas de derrogación, aínda que a xurisprudencia (entre outras, a sentenza do Tribunal Supremo do 7 de novembro de 1992) ten declarado que a súa falta non constitúe un vicio invalidante.

Con todo, non cabe descoñecer as importantes implicacións desta exixencia procedemental e, así, o CCG 61/11 entrou a analizar a inoportunidade de derrogar unha norma polo mero feito de estar a tramitarse unha nova —chamada a substituíla— xa que, como sinalou o Consello Consultivo, "*o procedente será abordar a derrogación completa na nova orde, cando se dea entrada a aquela nova regulación impedindo a aparición de lagoas xurídicas, sequera transitorias*".

Reunida toda a documentación referida, o artigo 41.3 dispón que o texto poderá ser aprobado inicialmente como proxecto pola persoa titular da consellería en que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa.

Así mesmo, e reiterando o xa establecido no artigo 9.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o artigo 41.4 da LOFAXGA obriga as distintas consellerías a publicar na súa páxina web a relación circunstanciada e motivada dos procedementos de elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral que estean en tramitación, a partir do momento en que se produza a aprobación do anteproxecto, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo.

A Lei 4/2006, do 30 de xuño, prevé verbo deste trámite que estas suxestións se poderán presentar en calquera momento anterior ao trámite de audiencia ou, se é o caso, ao informe final de secretaría xeral, e engade ademais como "*as proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas serán tidas en conta polo órgano encargado da redacción do texto do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final no cal recibirán unha resposta razoada, salvo as de recoñecida e notoria urxencia, que poderá ser común para todas aquelas suxestións que formulen cuestións substancialmente idénticas*".

Cómpre sinalar que, na práctica administrativa, a contestación destas proposicións, que formulen cuestións ou recomendacións, adoita realizarse no informe final de contestación ás alegacións presentadas no trámite de audiencia e información pública (artigo 42.4 da LOFAXGA), sen que poida facerse obxección ningunha ao respecto.

A realización deste trámite de publicación na páxina web da consellería promovente non substitúe, como reza o artigo 9.1 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, e salientou este órgano consultivo (vid. o CCG 476/11), o trámite de audiencia.

– Fase intermedia

Neste fase intermedia regulada no artigo 42 da LOFAXGA (ou "*fase de documentación e consulta*" como a denomina o artigo 43.1), intégranse tres tipos de actuacións: a emisión de informes, os trámites de audiencia e información pública e a negociación cos representantes dos empregados públicos.

No que atinxe aos informes que se deben incorporar ao expediente de elaboración regulamentaria, como xa observara o Acordo interpretativo deste órgano consultivo do ano 2001, con eles o que se persegue é garantir tanto o acerto como a legalidade da norma proxectada, incorporándose así a aquela valoracións adicionais máis cualificadas de órganos internos ou externos sobre as condicións de idoneidade, adecuación e viabilidade do texto cara á obtención dos fins propostos polo centro directivo que tivo a iniciativa ou sobre a plena adaptación do articulado no seu conxunto aos principios e regras xurídicas.

De aí que, como ten salientado o Consello Consultivo (entre outros, o CCG 576/11), non sexan admisibles informes de carácter exclusivamente formal, carentes de ningún contido material; e isto por canto o procedemento de elaboración de disposicións xerais non se limita a unha simple acumulación de documentación, senón que, tratándose dun "*proceso dialóxico onde o centro impulsor do texto debe realizar as modificacións pertinentes con base nos distintos informes, alegacións ou documentación achegada no seu curso*", aqueles informes, máis aló de deixar constancia da realización do trámite, deben achegar algún contido ou valor engadido.

Os informes cuxa incorporación ao procedemento de elaboración regulamentaria, prevé o artigo 42 da LOFAXGA poden reconducirse aos seguintes:

a) Un informe económico – financeiro da consellería competente en materia de facenda (artigo 42.1), a cargo na actualidade da Dirección Xeral de Orzamentos, e que adoita empregar como base a memoria económico–financeira a que se refire o artigo 41.2 c) da LOFAXGA.

b) Un informe sobre o impacto por razón de xénero das medidas que se establezan no proxecto de decreto cando "*o proxecto teña repercusións en cuestión de xénero*" (artigo 42.2 e, no mesmo sentido, o artigo 8.1 da Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de homes e mulleres), o que constitúe unha diferenza substancial verbo do réxime do artigo 24.1 b) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, que exixe a emisión de tal informe "*en todo caso*".

c) Un informe favorable da consellería ou consellerías con competencias en materia de administracións públicas e emprego público para o caso de que o proxecto afecte a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos ou réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou do sector público autonómico (artigo 42.7 da LOFAXGA e 8.2 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia). Na actual estrutura administrativa ambos os informes corren a cargo, respectivamente, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Función Pública.

d) Outros informes e ditames que sexan exixidos pola lexislación vixente ou considerados oportunos pola consellería impulsora do proxecto.

Entre os informes ou ditames exixidos pola lexislación vixente poden destacarse, entre outros, o informe do Consello Galego de Universidades (artigo 5 b) da Lei 2/2003, do 22 de maio), o informe do Consello Escolar de Galicia (artigo 9.1 a) da Lei 3/1986, do 18 de decembro), o informe da Comisión Galega de Cooperación Local (artigo 191 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo), o informe do Consello Galego de Benestar Social (artigo 40.3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro), o informe do Consello Galego de Cooperativas (artigo 3 d) do Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro) ou o informe do Consello Galego de Seguridade Alimentaria (artigo 2 a) do Decreto 286/2000, do 1 de decembro).

Neste punto cabe preguntarse se o feito de que a Lei prevexa a emisión dun informe por parte dun órgano determinado, sen que a Administración o

crease no prazo outorgado para o efecto, elimina o carácter preceptivo daquel informe. Esta cuestión foi abordada, entre outros, no acordo de devolución 482/11, concluíndo que a resposta había de ser necesariamente negativa: en primeiro lugar, porque a ausencia de ditames preceptivos implica a nulidade do regulamento e así o declarou reiteradamente o Tribunal Supremo (por todas, as sentenzas do 9 e 19 de febreiro de 1999); en segundo lugar, porque o incumprimento do mandato dunha norma regulamentaria non se pode xustificar pola simple inactividade da Administración, que deixou transcorrer o prazo fixado para a constitución do órgano (neste sentido, a sentenza do Tribunal Supremo do 27 de outubro de 2003).

Ademais, cando se trata de incorporar ao expediente o informe emitido por un órgano colexiado, non basta coa incorporación ao expediente dunha certificación da secretaría daquel en que se constate o efectivo exame da norma e o sentido final do informe ou ditame, senón que resulta exixible a constancia de se o acordo foi adoptado por unanimidade ou maioría e, neste último caso, a eventual motivación do voto ou votos discrepantes (neste sentido, o CCG 207/11).

Noutra orde de cousas, entre os informes "*considerados oportunos pola consellería impulsora do proxecto*" podería incardinarse, como xa notou o Acordo interpretativo deste Consello do ano 2001, a petición dun ditame a un departamento universitario ou a un colexio profesional, organización, asociación, ou mesmo a unha entidade ou persoa física que sexa recoñecida como altamente especializada ou experta na materia.

Os seguintes trámites regulados, para a fase intermedia, no artigo 42 da LOFAXGA son a audiencia e a información pública.

A regulación de ambos os dous trámites inspírase no principio, recollido no apartado 4 do artigo, consonte o cal "*se fomentará a participación da cidadanía, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei"*, obrigando para o efecto a Administración autonómica a promover a participación da cidadanía a través dun portal web específico ou a través de calquera medio admisible en dereito que permita acreditar a identidade do suxeito actuante.

Verbo do trámite de audiencia, o primeiro que hai que sinalar é como a LOFAXGA vén cubrir axeitadamente a reserva de lei que o artigo 105 a) da CE

establece para a regulación da "*audiencia dos cidadáns, directamente ou a través das organizacións ou asociacións recoñecidas pola lei, no procedemento de elaboración das disposicións administrativas que os afecten*".

Segundo o artigo 42 da LOFAXGA "*os proxectos que afecten os dereitos e intereses lexítimos de determinados grupos ou sectores da cidadanía serán sometidos á audiencia destes, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que os agrupen ou representen e cuxos fins garden relación directa co obxecto da disposición*", e isto durante un prazo razoable e non inferior a quince días hábiles, que poderá ser reducido ata sete días hábiles por razóns debidamente motivadas (artigo 42.3 e 5)

O que se pretende, en definitiva, é permitir á cidadanía e colectivos afectados pola norma proxectada, intervir no procedemento de elaboración regulamentaria mediante a achega de alegacións, suxestións ou recomendacións que poidan contribuír á mellora daquel.

Nesta tarefa, debe evitarse (neste sentido, o CCG 225/03) o fenómeno de "*captura da norma"* por unhas forzas sociais en detrimento doutras, mais si se considera que as normas xurídicas están orientadas a regular os conflitos de intereses existentes na sociedade e, polo tanto, é preciso integrar no proceso de creación de tales normas todos os segmentos sociais afectados pola norma proxectada.

Tampouco resulta desexable, a xuízo deste órgano consultivo, unha institucionalización do trámite de audiencia mediante a emisión de informe por parte de órganos administrativos colexiados en que teñan representación os distintos colectivos afectados. Como notou o CCG 476/11, unha cousa é que as persoas, estamentos e entidades interesadas no proceso de elaboración da norma teñan a oportunidade de formar criterio e alegar o que teñan por conveniente, nun trámite de audiencia autónomo, debidamente formalizado, e outra é a expresión, necesariamente máis limitada, da súa opinión en órganos administrativos nos cales se integra algún dos seus membros ou representantes.

Estas consideracións cobran especial relevancia se se considera que a viabilidade das normas, o seu impacto no campo social a que son destinadas, a súa execución en definitiva, dependen en gran medida da información, participación e aceptación dos destinatarios, que poden presentar eventuais reaccións de rexeitamento, susceptibles

de seren detectadas de antemán nesta fase intermedia do procedemento, evitando así, no posible, doses ou déficits de incumprimento das normas no futuro.

Precisamente con base naquelas consideracións, é constante a xurisprudencia (entre outras, a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de novembro de 2004) que exixe que o texto sometido a audiencia garde certa coherencia interna co que finalmente se vaia aprobar, co fin de garantir o dereito dos afectados a pronunciarse sobre as liñas fundamentais do proxecto.

Nesta liña o CCG 560/11 relativizou a realización do trámite de audiencia nun estado inicial da elaboración do proxecto na medida en que o texto non sufrira substanciais modificacións ao longo da súa tramitación. Ademais, no suposto analizado naquel ditame, concorría tamén a especialidade de que a audiencia se canalizara a través dunha invitación inicial ás entidades afectadas para a realización dunha reunión de traballo, co fin de presentar as liñas básicas da norma e achegándolles ao mesmo tempo a proposta executiva do posible decreto, fórmula esta que a xurisprudencia ten admitido nalgúns supostos (vid. a sentenza do Tribunal Supremo do 13 de outubro de 2011).

O artigo 42 da LOFAXGA completa a regulación do trámite de audiencia e dispón que este trámite non será necesario nunha serie de supostos: a) no caso de que as organizacións ou asociacións recoñecidas pola lei que agrupen os cidadáns afectados xa participasen no procedemento por medio de informes ou consultas (artigo 42.3); b) no caso de que existan graves razóns de interese público, debidamente acreditadas (artigo 42.5); c) no caso de que se trate de anteproxectos puramente organizativos (artigo 42.6).

Pola súa banda, o trámite de información pública configúrase como acumulativo do trámite de audiencia ("*así mesmo*", sinala o artigo 42.3, último parágrafo), para os supostos en que "*o contido ou a repercusión da disposición o aconsellen*"; isto é, sinaladamente, para os casos en que a norma afecta a colectividade en xeral ou unha pluralidade de suxeitos sumamente ampla ou difícil de determinar *a priori*.

A duración temporal do trámite de información pública coincide coa prevista para a realización do trámite de audiencia (artigo 42.3 e 42.5), que se poderá tamén omitir nos mesmos supostos previstos para aquel, coa excepción do caso sinalado no artigo 42.3 *in fine*.

Para rematar co trámite de audiencia e información pública, o artigo 42.4 da LOFAXGA dispón que as proposicións, suxestións ou recomendacións recibidas serán tidas en conta pola consellería impulsora do proxecto, que poderá asumilas ou rexeitalas a través dun informe final en que recibirán resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas suxestións que expoñan cuestións substancialmente iguais. Como xa se sinalou anteriormente, neste informe adoitan contestarse así mesmo as posibles alegacións ou suxestións formuladas co gallo da publicación do proxecto na páxina web da consellería promovente.

Por último, o apartado 8 do artigo 42 da LOFAXGA establece que nesta fase intermedia do procedemento de elaboración regulamentaria, os proxectos que conteñan materias que afecten os empregados públicos recollidas no Estatuto básico do empregado público deberán ser negociadas na comisión de persoal.

Como xa advertiu o CCG 927/03, trátase dunha "*canle específica de participación dos interesados*" para todas as materias que hoxe en día establece o artigo 37.1 do Estatuto básico do empregado público: aplicación do incremento de retribucións do persoal, determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios, normas que fixan os criterios en materia de acceso, carreira ou provisión de postos de traballo, normas que fixen criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño, plans de previsión social complementaria, criterios xerais de acción social, propostas sobre dereitos sindicais e de participación, etc…

– Fase final

Rematada a fase intermedia, o artigo 43.1 da LOFAXGA dispón como o proxecto se someterá ao informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciará sobre cuestións de legalidade e oportunidade.

Como xa advertiu o Acordo interpretativo do ano 2001, este informe goza de gran transcendencia dada a condición da Asesoría Xurídica como órgano de asesoramento cualificado no eido xurídico que, pola súa singular configuración e posicionamento no cadro organizativo da Administración autonómica, sobresae do estrito marco en que se moven os órganos xerarquizados, o que lle permite unha ampla marxe de autonomía funcional, sen prexuízo da súa autonomía orgánica.

Neste sentido, este órgano consultivo ten censurado a falta de consideración das observacións de legalidade realizadas pola Asesoría Xurídica Xeral, sen

constar no expediente unha análise crítica ou un contrainforme en que se motive a separación dos criterios sostidos por aquel órgano. En concreto, o CCG 61/11 apuntou "*certamente, o informe da Asesoría Xurídica Xeral non ten carácter vinculante, e dada a natureza discrecional da potestade regulamentaria que se exerce, o límite esencial que condiciona a materialización desta é o respecto á legalidade. Mais precisamente por isto, dada a esencia propia do informe de referencia, de carácter estritamente xurídico, non é propio dunha xestión prudente da tramitación do procedemento prescindir dos criterios legais manifestados polo órgano con xenuínas competencias na materia sen incorporar ao expediente a motivación expresa que permita contrastar a adecuación do criterio seguido en tal proceder, presuposto básico para a verificación do procedemento de elaboración dunha disposición xeral e da disposición mesma, como instrumentos determinantes no control de calidade e legalidade das normas*".

A continuación do informe da Asesoría Xurídica Xeral, dispón o artigo 43.2 da LOFAXGA como se emitirá o informe da secretaría xeral técnica da consellería impulsora do proxecto que, en todo caso, aclara a lei, "*cerrará cronoloxicamente os informes correspondentes a esta etapa, excepto que sexa preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia*".

O carácter último deste informe responde, segundo o Acordo interpretativo do ano 2001, á singularidade da figura do titular da secretaría xeral técnica das consellerías como primeira autoridade política e administrativa, logo do conselleiro ou conselleira, que realiza unha moi importante función directiva e coordinadora, por asumir, na praxe, por delegación, a práctica totalidade das funcións de xestión no ramo específico do seu departamento.

Por outra banda, verbo do contido deste informe, este órgano consultivo tense manifestado (entre outros, o CCG 305/04) sobre a necesidade de que conteña "*aspectos tales como a fundamentación legal, estatutaria e constitucional do proxecto, a verificación acerca da validez formal do procedemento instruído, o exame da súa xustificación material dende as súas distintas perspectivas, o estudo das observacións formuladas ao texto; análise esta do conxunto do proxecto que conduce a pronunciarse finalmente sobre o acerto e oportunidade daquel"*. Nesta mesma liña a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 15 de marzo de 2001 entendeu que, máis transcendente que a existencia deste informe, era o seu contido, isto é, o que "*en él se*

razone, explique, justifique o motive, y no desde luego lo que no son más que simples conclusiones desprovistas de fundamentación alguna".

Unha vez emitido o informe da secretaría xeral técnica da consellería promovente, establece o artigo 43.3 da lei como "*o titular da consellería impulsora do procedemento, concluirao cunha resolución mediante a cal decida desistir da iniciativa, retrotraer o procedemento ou aprobar definitivamente o proxecto"*. Como ten sinalado reiteradamente este órgano consultivo (entre outros, o CCG 535/11), esta formalidade ten singular importancia pois neste momento culmina o procedemento administrativo na consellería promovente ao tempo que se fai concreta expresión, por quen asume a iniciativa de medida, da decisión normativa que se someterá, no seu momento, á superior decisión do Consello da Xunta.

Aprobado definitivamente o proxecto, o expediente elevarase á Presidencia da Xunta de Galicia co fin de que proceda á petición do preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia para o caso de que se trate de "*regulamentos que se diten en execución de leis, así como as súas modificacións"* (artigo 11. d) en relación co 12.1 da Lei 9/1995, do 10 de novembro). Cómpre sinalar que o CCG 284/11 asimilou a este suposto os "*regulamentos que se diten en execución directa de regulamentos comunitarios*", argumentando como "*os esenciais principios de efecto directo e primacía do dereito comunitario confiren á norma que se está a tramitar unha auténtica función de execución dunha regulación superior que se debe respectar e desenvolver, a modo dunha lei en sentido material, o que permite conferir a natureza de regulamento executivo ao produto normativo do proceso regulador, con eficacia ad extra, o que reforza a procedencia do ditame solicitado como preceptivo*".

O prazo de emisión do ditame do Consello Consultivo é dun mes (artigo 18.1 da Lei 9/1995), aínda que a súa lei reguladora prevé a posibilidade da solicitude da emisión do ditame con carácter de urxencia, suposto que se supedita á motivación das concretas circunstancias determinantes da urxencia e á súa solicitude pola Presidencia da Xunta. Como refire o artigo 18.2 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, *"cando na orde de remisión do expediente se fixer constar motivadamente a urxencia do ditame, o prazo será de quince días, salvo que o presidente da Xunta, en atención á materia e urxencia do asunto, fixase outro menor, que nunca será inferior a dez días"*. Con todo, como advertiu o CCG 539/01, con base en abundante doutrina do Consello de Estado, non se debe empregar a declaración de urxencia na petición do ditame tras

un longo procedemento en que existiron longos períodos de inactividade, cando nin a índole do asunto nin os documentos do expediente, revelen a conveniencia dunha especial présa na aprobación do proxecto.

O ditame do Consello Consultivo de Galicia, neste tipo de procedementos, ten carácter preceptivo e non vinculante (artigo 3.1 da Lei 9/1195, do 10 de novembro), e nel velarase pola observancia da Constitución, do Estatuto de autonomía e do resto do ordenamento xurídico, sen entrar en valoracións de oportunidade ou conveniencia, a non ser que así lle sexa solicitado expresamente polo órgano consultante (artigos 2.1 e 3.2 da Lei 9/1995, do 10 de novembro). Ademais, acorde coa natureza do organismo como "*órgano superior consultivo da Xunta de Galicia"* (artigo 1.1 da Lei 9/1995, do 10 de novembro), dispón o artigo 2.3 da Lei 9/1995, do 10 de novembro que "*Os asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia non poderán ser remitidos, para informe ulterior, a ningún outro órgano ou organismo da Comunidade Autónoma*".

Finalmente, verbo deste concreto trámite do ditame do Consello Consultivo, non pode deixar de notarse (neste sentido, o CCG 524/11 ou 525/11) a necesidade de que o expediente remitido conte cun índice numerado de documentos, o que ademais é unha exixencia do artigo 48.1 do Regulamento deste órgano consultivo aprobado polo Decreto 282/2003, do 22 de maio, cuxo incumprimento dificulta en ocasións a identificación do texto definitivo do proxecto de decreto que se vai ditaminar.

Unha vez emitido, de ser o caso, o ditame do Consello Consultivo de Galicia, procederase á aprobación definitiva do proxecto regulamentario, debendo notarse que, no caso de proxectos de ordes, a aprobación definitiva comporta a aprobación da propia orde e a conseguinte finalización do procedemento (artigo 43.4 da LOFAXGA).

Pola contra, no caso dun proxecto de decreto, unha vez aprobado definitivamente polo conselleiro competente, enviarase a todas as consellerías con carácter previo á reunión da Comisión de Secretarios Xerais en cuxa orde do día se vaia tratar o asunto. Neste caso, como prevé o artigo 43.5 da LOFAXGA, a Comisión de Secretarios Xerais elevará o proxecto de decreto ao Consello da Xunta de Galicia que, se é o caso, procederá á súa aprobación, e a persoa titular da Presidencia da Xunta disporá a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 43.7 da LOFAXGA).

A publicación dos regulamentos autonómicos no *Diario Oficial de Galicia* é transcendente para a súa eficacia, que o artigo 44 da LOFAXGA condiciona á súa

publicación íntegra naquel diario oficial. Engade este artigo 44 da LOFAXGA, de conformidade co artigo 2.1 do Código civil, como aqueles regulamentos "*entrarán en vigor aos vinte días naturais da súa publicación salvo que neles se dispoña outra cousa"*, sendo doutrina reiterada deste órgano consultivo (entre outros, o CCG 370/11) que a inmediata entrada en vigor dun regulamento exixe a acreditación no expediente das razóns de perentoriedade que xustifican a supresión da *vacatio legis* legalmente prevista.

1.2. O informe tecnolóxico e funcional previsto no artigo 21.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

O apartado 2 do artigo 21 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, que regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades delas dependentes, establece que *"As disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, así como o establecemento de servizos aos cidadáns e aos empregados públicos da Xunta de Galicia, deberán contar, con carácter previo á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, cun informe tecnolóxico e funcional favorable emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia"*.

Seguidamente, o apartado terceiro do propio artigo 21 exixe que a aplicación de medios electrónicos á xestión dos procedementos e servizos conte cunha previa análise de redeseño funcional e simplificación dos procedementos ou servizos, que efectuará o órgano de dirección con competencias en materia de racionalización e simplificación de procedementos administrativos, indicándose os aspectos de especial consideración no dito informe.

En terceiro lugar, no apartado catro do artigo 21 prevese que o sistema que sustente a tramitación electrónica deberá implicar a realización dunha análise previa dos procedementos e servizos, que efectuará o órgano de dirección con competencias en materia de administración electrónica, consignándose, igualmente, os aspectos de especial consideración no dito estudo.

Estes preceptos foron introducidos no texto do decreto logo do ditame do Consello Consultivo, que examinou un texto no que se prevía (artigo 5.1) que "*A*

aprobación de cada novo procedemento administrativo recollerá a súa tramitación electrónica, excepto causa motivada".

Tal precepto foi obxecto dunha observación de mellora –que non de legalidade- por parte do Consello Consultivo, que no ditame emitido no expediente de referencia (CCG 455/10), considerou que "*No apartado 1 debería concretarse con maior precisión como e en que momento ou fase da aprobación dun novo procedemento administrativo se debe motivar a existencia de causa xustificada que exceptúe a exixencia da tramitación electrónica. Tratándose de procedementos regulados en disposicións xerais, sería oportuno exixir un informe para realizar tal motivación. Os propios informes considerados no apartado segundo poderían ser a canle idónea para tal formulación".*

Nestas circunstancias, e con independencia da pouca fortuna da redacción dada ás disposicións transcritas, en particular a contida no punto 2 do apartado 20 (manifestamente ilegal nunha interpretación literal), o Consello Consultivo concluíu en diversos ditames emitidos este ano (entre outros, o CCG 20/11 ou 61/11) que, atendendo aos antecedentes da norma e ao seu espírito, debía entenderse que no procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos resulta preceptiva a intervención dos órganos de dirección con competencias en materia de administración electrónica, por unha parte, e no eido da racionalización e simplificación de procedementos administrativos, por outra.

Resultou, ademais, que en distintos proxectos regulamentarios sometidos a ditame, a intervención referida transcendía a factibilidade da norma de xeito relevante, pois sobre o feito de que esta impoñía a obriga de presentar as declaracións responsables por vía telemática, incidía a circunstancia de que a norma tamén establecía a presentación da declaración en soporte papel, "*en canto non estea dispoñible a plataforma tecnolóxica que permita a tramitación telemática*".

Esta última previsión excepcionaba, pois, o dereito da cidadanía "*a relacionarse coas administracións públicas utilizando medios electrónicos para o exercicio dos dereitos previstos no artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular*

solicitudes, manifestar consentimento, establecer pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos", consignado no artigo 6.1 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (e garantido no artigo 2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro*),* sendo así que, conforme a disposición adicional terceira da propia lei *"No ámbito das comunidades autónomas, os dereitos recoñecidos no artigo 6 da presente lei poderán ser exercidos en relación coa totalidade dos procedementos e actuacións da súa competencia a partir do 31 de decembro de 2009 sempre que o permitan as súas dispoñibilidades orzamentarias*".

Deste xeito, o exercicio por parte dos particulares do seu dereito a relacionarse coa Administración por vía electrónica só pode ser condicionado pola existencia de razóns de dispoñibilidade orzamentaria ou tecnolóxicas, como así se desprende do disposto no artigo 22.1 do Decreto da Administración electrónica de Galicia, e tal excepción, por excluír o teor dun dereito de recoñecemento legal, non pode ser imposta sen unhas garantías mínimas que avalen a súa legalidade tanto dende o punto de vista dinámico, da conformación da vontade normativa, como estático, posteriormente, unha vez aprobada a norma e dende a perspectiva da súa adecuación ao ordenamento xurídico.

Dende a primeira das ópticas, o respecto ao dereito de configuración legal exixe a motivación cumprida da existencia de razóns orzamentarias ou tecnolóxicas que impidan ou dificulten a plena efectividade de tal dereito. A motivación daquelas razóns, entendeu o Consello Consultivo, debía materializarse precisamente no informe a que se refire o artigo 21.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, sendo así que, de non existir aquel informe como xenuína canle para dar resposta a tal motivación, a súa ausencia entrañaba un vicio que comprometía a legalidade do procedemento e da norma mesma, cando fose aprobada.

Dende a segunda perspectiva, non é procedente excepcionar aquel dereito a través dunha cláusula non suxeita a condición ou termo de ningún tipo, que apraza *sine die* a efectividade daquel. Neste punto, este órgano consultivo considerou que o que procedía era introducir criterios que limitasen a discrecionalidade administrativa de cara a dar pe á posibilidade de exercer aquel dereito no prazo máis curto posible dentro dos parámetros de excepcionalidade xa referidos.

2. REVISIÓN DE OFICIO DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS

No ano 2011 someteuse a ditame do Consello Consultivo de Galicia a revisión de oficio dunha resolución da entidade Augas de Galicia pola que se autorizaba a modificación concesional dun aproveitamento hidroeléctrico no río Xallas, no concello de Dumbría.

No ditame de referencia, o CCG 36/11, analizouse a posible concorrencia de varias causas de nulidade (en concreto, as previstas no artigo 62.1 b), e) e f) da LRXPAC) para concluír, finalmente, na procedencia da revisión de oficio do acto administrativo en cuestión pola causa establecida no artigo 62.1 f) da LRXPAC, que sanciona coa nulidade de pleno dereito "*os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición"*. O ditame foi obxecto, cómpre sinalar, dun voto particular que defendía a improcedencia da revisión de oficio.

A exposición da doutrina recollida neste ditame exixe, con carácter previo, unha breve exposición dos seus antecedentes de feito.

O asunto derivaba dunha resolución do Goberno Civil da Coruña de 1910 pola que se outorgaba unha concesión con destino a aproveitamento hidroeléctrico e outros usos industriais, no río Xallas, no concello de Dumbría, sendo o caudal máximo derivable 6.000 l/s, e o salto bruto 19,13 metros.

No ano 1984, o Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo aprobou unha modificación consistente na ampliación do caudal concesional ata un máximo de 52.000 l/s, cun desnivel permitido de 198 metros, en que as obras consistiron na implantación dunha nova presa xunto ao azude existente, co fin de implantar un encoro de regulación e desprazar a central augas abaixo, ata a desembocadura do río Xallas, isto é, ao pé da fervenza do Ézaro.

Despois de se teren aprobado varias transferencias de titularidade, a nova concesionaria solicitou no ano 1999 a aprobación dunha modificación concesional, consistente esencialmente nunha ampliación do caudal en 5.000 l/s a engadir aos 52.000 l/s xa outorgados, para turbinar na casa de máquinas do aproveitamento do Pindo (salto en desuso nese momento), efectuándose a obra de toma desde unha das condución existentes da central de Santa Uxía. Isto coa pretensión de aproveitar o que a concesionaria denominaba no seu proxecto "verteduras improdutivas" (excedentes

de caudal que non podían ser turbinados polo salto de Santa Uxía). Ese caudal, unha vez turbinado, restituiríase directamente ao mar a través das canles existentes nesa central.

O proxecto de ampliación concesional, denominado salto de Novo Pindo, foi cualificado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental como sometido a avaliación de efectos ambientais, de acordo co Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia. A mesma dirección xeral formulou con carácter posterior, en concreto en xuño de 2000, a declaración de efectos ambientais (DEA).

No condicionado da DEA establecíase, con relación á fervenza do Ézaro, a condición de manter un caudal mínimo augas abaixo do encoro de Santa Uxía de 2,23 m^3/s, isto de conformidade, o que é transcendente, co establecido nun informe da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural de maio de 2000.

Unha vez que lle foi notificada á concesionaria a referida DEA, esta solicitou directamente da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, autora da dita declaración, unha revisión desta co fin de que fose eliminada a condición de establecer un caudal mínimo de vertedura na presa de Santa Uxía, e presenta para tal efecto un documento titulado « *informe xustificativo da non necesidade da fixación dun caudal mínimo na presa de Santa Uxía*».

Á vista desta solicitude, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ditou en marzo do ano 2001 unha resolución pola que acordaba modificar a DEA orixinaria, entre outros, no aspecto relativo ao caudal ecolóxico da fervenza do Ézaro, substituíndo o seu punto 4 que literalmente establecía *"Manterase un caudal mínimo augas abaixo do encoro de Santa Uxía de 2,23 m^3/s"* por unha nova redacción, expresada nos termos seguintes: *"No período comprendido entre o 21 de xuño e o 21 de setembro de cada ano, procederase á liberación de caudal para a obtención da denominada fervenza estándar, de acordo coa documentación presentada polo promotor. A duración mínima da antedita fervenza será dunha hora (de 12:30 a 13:30) e efectuarase polo menos a totalidade dos sábados e domingos comprendidos dentro deste período"*.

Logo da preceptiva tramitación, Augas de Galicia ditou en novembro de 2001 resolución pola que autorizaba a modificación concesional do aproveitamento

hidroeléctrico de Santa Uxía, e na condición particular n° 21 da Resolución de modificación concesional establecía, de conformidade co disposto na DEA modificada do ano 2001: "*O concesionario estará obrigado a respectar o mantemento da fervenza do Ézaro durante un período mínimo dunha (1) hora diaria (de 12.30 a 13:30 horas), polo menos a totalidade dos sábados e domingos comprendidos entre o 21 de xuño ao 21 de setembro de cada ano, tal e como se establece na declaración de efectos ambientais*.

Ademais do recollido no parágrafo anterior, dado o alto interese turístico-rexional que supón a fervenza do Ézaro, deberase liberar o caudal necesario para o mantemento da dita fervenza estándar (nos mesmos termos en que se establecen na DEA) durante os seguintes días:

(…)

Augas de Galicia reserva para si a facultade de modificar esta relación de días pero sen aumentar o seu número total".

Nestas condicións o proxecto construtivo relativo á modificación concesional de Santa Uxía foi aprobado por resolución de Augas de Galicia no ano 2003 e, unha vez efectuada a visita de recoñecemento final das obras executadas, a correspondente acta foi aprobada no ano 2004, autorizándose a posta en explotación da modificación levada a cabo.

Pois ben, neste estado de cousas, no ano 2007 a concesionaria solicitou ante Augas de Galicia a modificación da citada condición particular nº 21, sendo a pretensión daquela ampliar o horario de mantemento da «*fervenza estándar*».

Precisamente con ocasión da tramitación da dita solicitude, tanto a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental como a Dirección Xeral de Conservación da Natureza manifestaron en cadanseu informe a necesidade de iniciar un expediente de revisión de oficio da resolución de modificación da DEA. Con base nestes informes a entidade Augas de Galicia incoou o correspondente expediente que, logo de audiencia da concesionaria, culminou nunha proposta de resolución formulada polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de acordo co establecido no artigo 3.1 b) da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da LRXPAC.

A xuízo da proposta de resolución, na resolución de modificación concesional do aproveitamento hidroeléctrico, na concreta parte que integraba a resolución de modificación da DEA, concorrían as causas de nulidade previstas nas letras b), e) e f) do artigo 62.1 da LRXPAC, o que obrigou este órgano consultivo ao exame particularizado de cada unha delas.

Pois ben, no que atinxe á causa prevista na letra b) do artigo 62.1 da LRXPAC (que sanciona coa nulidade de pleno dereito os actos administrativos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio), observou o CCG 36/11 como o Consello de Estado considera, de xeito reiterado, que un acto é ditado por un órgano manifestamente incompetente cando ese órgano invade de xeito estimable e grave, as atribucións que corresponden a outro. Xa que logo, a nulidade de pleno dereito por incompetencia manifesta exixe, para ser apreciada, que sexa *"notoria y clara, y que vaya acompañada de un nivel de gravedad jurídica proporcional a la gravedad de los efectos que comporte su declaración"* (ditame 49.565 do Consello de Estado). No mesmo sentido pronúnciase a xurisprudencia ao exixir que o carácter manifesto da incompetencia resulte apreciable sen especial esforzo dialéctico pois, como lembra a STS do 16 de decembro de 2004, *"de esta incompetencia manifiesta la jurisprudencia señala que ha de ser ostensible, clara, patente, notoria, palpable"*.

Deste xeito, verbo da concorrencia desta causa de nulidade no caso concreto que se analizaba, a proposta de resolución non cuestionaba que a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental fose o órgano competente para ditar a DEA; mais afirmaba que o dito órgano, dada a transcendencia que revestía a modificación pretendida pola concesionaria, que supuña a exención de liberar o caudal ecolóxico imposto pola DEA na súa orixinaria redacción, debería ter solicitado un novo informe á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, por canto esta dirección, segundo se recollía na proposta, tiña atribuídas *"entón as competencias en materia de determinación de caudais ecolóxicos"*. Deste xeito, o órgano ambiental, ao omitir tal requisito, tería incorrido nun suposto de incompetencia *ratione materiae*, que determinaría a nulidade parcial do acto aprobatorio da DEA modificada.

Este razoamento non foi compartido polo Consello Consultivo de Galicia ao entender que, certamente, a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural debía emitir informe nos procedementos para a determinación dos caudais ecolóxicos, tal e como prescribe o artigo 74 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e

dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado polo Decreto 130/1997, do 14 de maio, mais argumentou este órgano consultivo que o carácter preceptivo dese informe non permitía entender invadido o ámbito competencial do órgano chamado a emitilo polo feito de que a resolución finalmente adoptada se apartase do seu contido; unha posibilidade plenamente admisible en dereito, dado que o dito informe carecía de carácter vinculante (artigo 83.1 LRXPAC).

Polo tanto, o ditame de razón entendeu que a emisión do informe preceptivo da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, non limitaba a plena competencia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para ditar a DEA e establecer o seu condicionado, mesmo apartándose do sentido daquel, sen que, por tanto, fose observable extralimitación competencial ningunha.

Con base nesta argumentación desbotouse a concorrencia da causa de nulidade referida na letra b) do artigo 62.1 da LRXPAC.

Os mesmos razoamentos levaron a idéntica conclusión negativa no relativo á eventual concorrencia da causa de nulidade do artigo 62.1, letra e) da LRXPAC; isto é, que no ditado do acto se prescindise total e absolutamente do procedemento legalmente establecido para a súa emanación. Segundo a proposta, incorrérase nesta infracción por canto, unha vez instada polo concesionario a modificación da DEA, resultaba exixible a emisión dun novo informe da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural. Razoábase, en efecto, que *"non se pode entender cumprido o requisito de petición de informe por remisión ao que foi emitido anteriormente para a formulación da DEA que se solicitou modificar, xa que estamos en presenza dunha modificación da DEA de tal natureza que require seguir os pasos dun novo procedemento …"*.

Mais, como observou o CCG 36/2011, debía repararse en que a solicitude de modificación da DEA que a concesionaria remitiu á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental non tivera lugar nun novo procedemento, senón que fora formulada no mesmo procedemento inicial, e en concreto pola canle do previsto no apartado 9.2 da propia DEA. Neste apartado recollíase a posibilidade de que, dentro do mes seguinte a serlle notificada polo órgano substantivo a dita declaración, o promotor instase a revisión das medidas sinaladas, co obxecto de modificalas ou cambialas por outras, dirixindo a correspondente solicitude ao órgano ambiental.

Non se trataba, xa que logo, fronte ao razoado na proposta, dun novo procedemento de declaración ambiental, senón dun trámite previsto como posible no curso da tramitación da propia DEA; procedemento en que xa fora solicitado, e emitido, o informe preceptivo da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural.

Cuestión distinta era a valoración que poida merecer o feito de que, dado o contido da solicitude presentada polo promotor, non se solicitase novamente o informe da citada dirección xeral, tendo en conta que a modificación instada resultaba ser absolutamente incompatible con aqueles aspectos do condicionado inicial da DEA que derivaban do informado pola referida dirección xeral. Mais, como advertiu o Consello Consultivo, isto en ningún caso podía equipararse a un suposto de grave omisión ou ausencia de procedemento, pois o informe fora emitido e, por conseguinte, a concorrencia do motivo de nulidade de pleno dereito previsto na letra e) do artigo 62.1 da LRXPAC foi tamén desbotado no ditame de razón.

Por último, a proposta de resolución sostiña que o acto incorría no suposto a que se refire o apartado 1.f) do artigo 62 LRXPAC, que consagra a nulidade dos actos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

En relación con esta causa, sinalaba o CCG 36/11 como o Consello de Estado ten establecido, entre outros, no seu ditame 1381/2001, unha doutrina seguida polo Consello Consultivo, en que se defende que *"unha interpretación ampla dos "requisitos esenciais" para a súa adquisición comportaría facilmente unha desnaturalización das causas legais de invalidez, xa que a carencia dun deles determinaría de modo automático a nulidade de pleno dereito, baleirando de contido non poucos supostos de simple anulabilidade. Isto representaría un grave perigo para a seguridade xurídica, dada a falta de prazo para proceder á revisión dos actos nulos. Ademais, faría quebrar un dos principios básicos do dereito administrativo español, que reserva as nulidades de pleno dereito para as violacións máis graves do ordenamento xurídico, incluíndo as restantes na anulabilidade"*. No propio ditame lémbrase a distinción entre *"requisitos necesarios"* e *"requisitos esenciais"*, entendendo *que "non todos os requisitos necesarios para a adquisición dunha facultade ou dereito merecen o cualificativo de esenciais"*.

Matizaba tamén o CCG 36/11 que, aínda que o Consello de Estado se inclina en ocasións en favor dunha interpretación restritiva do concepto de requisitos esenciais, entendendo que *"para que concorra este vicio non resulta suficiente que se produza unha vulneración obxectiva do ordenamento, con independencia da gravidade que revista, senón que é preciso que esta vulneración consista precisamente na carencia, na persoa que adquire unha facultade ou dereito, dun requisito esencial de carácter subxectivo"* (ditame 528/2005), noutras segue unha interpretación na que o aludido concepto se estende a aqueles requisitos que definen a propia estrutura do acto administrativo sen vir referidos noutro motivo de nulidade (ditames 384/2003, ou 1320/2009, entre outros). E esta é tamén a postura seguida polo Consello Consultivo en numerosos ditames (por todos, o CCG 910/2005 ou, entre os máis recentes, os CCG 34/2010 e CCG 328/2010).

Tamén a xurisprudencia admite que, sen prexuízo do criterio estrito con que debe ser aplicada, esta causa de nulidade poida apreciarse, tanto nos supostos en que a falta do requisito esencial se predica do suxeito beneficiario do acto, como naqueles en que a aludida carencia afecta os aspectos obxectivos deste. Como sinala a sentenza do Tribunal Supremo do 6 de maio de 2009 (fundamento xurídico noveno): *"La expresión "requisitos esenciales" no puede interpretarse en un sentido tan amplio que incluya dentro de ellos cualquier condición o exigencia necesaria para la validez del acto declarativo del derecho, pues si así se hiciera, se reconduciría a la categoría de nulidad radical todo supuesto de ilegalidad de esos actos, prescindiendo para ellos de la categoría de nulidad relativa o anulabilidad. La expresión, de modo congruente con el carácter restrictivo y estricto de la categoría de la nulidad radical, ha de reservarse para aquellos vicios de legalidad que consisten en la ausencia de los presupuestos de hecho que, en cada caso, deban concurrir necesariamente"*.

A sentenza, que declara que non procede o recurso de casación interposto contra a ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Valencia en asunto referido ao recoñecemento de dereito a premio ou recompensa por achado casual de tesouro oculto, remata así o razoamento que fundamenta a decisión:*"A juicio de este Tribunal, aquellos requisitos esenciales sólo son en un caso como el enjuiciado los tres siguientes: El subjetivo, de la condición de "descubridor" que ha de tener el adquirente del derecho. Y los objetivos de: a) la naturaleza de los objetos descubiertos, que han de poseer los valores que son propios del patrimonio cultural; y b) del tipo*

de actividad en la que acaece el hallazgo, que no ha de ser una de excavación o prospección arqueológica. Requisitos, todos ellos, que sí concurren en el caso que nos ocupa respecto del hallazgo realizado por el Sr. J."

Citaba tamén o ditame de razón a sentenza do Tribunal Supremo, do 7 de outubro de 2010, que ratifica o criterio establecido por outra do mesmo Tribunal do 26 de novembro de 2008, e na que se razoa (fundamento xurídico terceiro): *"…para apreciar el vicio al que se refiere la letra f) del artículo 62.1 de la Ley 30/1992 , no basta con que se denuncie una vulneración objetiva de las normas reglamentarias aplicables* (...)*; se requiere, precisamente, atribuir al titular del derecho o de la facultad la carencia de un requisito esencial. Y, dada la cautela con la que debe afrontarse la revisión de oficio (que, por dirigirse contra actos ya firmes, perturba en cierto modo la seguridad jurídica y la posición de quien resultó beneficiado por el acto contra el que nadie interpuso un recurso temporáneo), no es posible interpretar en el sentido que lo hace la recurrente el concepto de "requisito esencial" para la adquisición del derecho o de la facultad. No todos los requisitos necesarios para ser titular de un derecho pueden reputarse 'esenciales': tan sólo los más significativos y directa e indisociablemente ligados a la naturaleza misma de aquél. En otro caso, se propiciaría la desvirtuación de este motivo extraordinario de invalidez absoluta, que vendría a parificarse en la práctica con los motivos de anulabilidad."*

Concluíuse, pois, no CCG 36/11, que a esencialidade do requisito así definida, con independencia de que este se circunscribise ou non á esfera subxectiva do beneficiario, é o elemento de contraste que permite apreciar, en cada caso, se o acto incorre ou non en nulidade absoluta.

Esta é, por outra banda, a postura seguida maioritariamente pola doutrina científica no noso país, e tamén a que este Consello Consultivo vén sostendo, no sentido de considerar que non é só factible nunha interpretación literal do artigo 62.1.f) da LRXPAC, dada a redacción impersoal do precepto (…*"se careza dos requisitos esenciais"*), senón que tamén é correcta nos planos lóxico e teleolóxico, pois conduciría a resultados dificilmente aceptables que a aplicación desta causa de nulidade quedase restrinxida aos actos nos que a carencia de requisitos esenciais resultase predicable exclusivamente do suxeito que adquire facultades ou dereitos, deixando fóra do seu ámbito aqueloutros actos tamén incursos nas máis groseiras contravencións do ordenamento xurídico, polo feito de que a ausencia dos

requisitos esenciais, por evidente que fose, se referise a aspectos obxectivos do acto controvertido.

Deste xeito, no suposto analizado no CCG 36/11, a proposta de resolución sostiña que o acto analizado incorría na causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 62.1 f) da LRXPAC xa que co ditado da resolución de modificación da DEA, na que se eximía o promotor de liberar o caudal ecolóxico previamente fixado, se estaría a contravir gravemente o ordenamento xurídico e, en concreto, a normativa ambiental que integra o dito ordenamento.

En efecto, como advertiu o Consello Consultivo de Galicia no ditame de razón, a Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, prescribe no seu artigo 22 como "*As concesións de aproveitamento hidráulico deberán en todo tempo respectar o caudal ecolóxico necesario para facilitar o normal desenvolvemento das poboacións piscícolas*. (…)". Asemade, e para os efectos da concreción do dito caudal, a disposición transitoria cuarta da mesma lei establece que "*En tanto o órgano competente non determine o caudal ecolóxico, entenderase por tal o dez por cento do caudal medio anual*".

Pola súa banda, o artigo 74.1 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, aprobado por Decreto 130/1997, do 14 de maio, dispón, verbo dos caudais ecolóxicos, que *"Entenderase por caudal ecolóxico a reserva de caudal que necesaria e obrigatoriamente deberá deixarse circular polo leito dun río para compatibilizar, en cada época do ano, os efectos das detraccións de auga sobre o ecosistema acuático co mantemento das comunidades animais preexistentes e, en xeral, co adecuado funcionamento do citado ecosistema. Este caudal ecolóxico non poderá ser obxecto de aproveitamento hidráulico* (…)"

A xuízo deste órgano consultivo, a dicción destes preceptos non permitía albergar dúbida ningunha verbo do carácter indispoñible para o órgano ambiental, como tamén para o concesionario, do caudal ecolóxico neles definido. Xa que logo, ao implicar as modificacións introducidas por instancia do promotor, na redacción final da dita declaración, unha directa contravención de tales mandatos -aos cales si atendía a DEA inicialmente formulada seguindo os criterios expresados no informe preceptivo da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural-, resultaba incuestionable que o caudal así afectado carecía dun requisito esencial para ser

destinado ao aproveitamento hidráulico, circunstancia que o acto aprobatorio da DEA, como resultado das modificacións nela introducidas por solicitude do promotor, descoñeceu.

Atendendo a todo o exposto, o CCG 36/11 concluíu que a declaración de efectos ambientais finalmente aprobada, cuxo contido de carácter vinculante nos termos do artigo 12 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, se incorporou á resolución ditada polo órgano substantivo no expediente de modificación concesional, incorría na causa de nulidade de pleno dereito prevista no artigo 62.1.f) da LRXPAC, por mor da ausencia dos requisitos esenciais de carácter obxectivo que afectaban o referido acto. Polo tanto, segundo o ditame de razón, procedía a revisión de oficio da referida modificación concesional, con declaración da súa nulidade, e a retroacción do procedemento ao momento inmediatamente anterior ao acto aprobatorio da DEA.

Agora ben, é importante salientar que, fronte ao sentido en que se pronunciaba a proposta de resolución, este órgano consultivo entendeu que a declaración de nulidade de pleno dereito debía referirse á resolución de modificación concesional do aproveitamento hidroeléctrico ditada en novembro do ano 2001, non só na parte en que integraba a declaración de efectos ambientais de marzo de 2001, xa que o vicio determinante da nulidade afectaba o conxunto daquel acto de modificación da concesión. Isto sen prexuízo de que o órgano substantivo, consonte o previsto no artigo 66 da LRXPAC, dispuxese a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se tería mantido igual de non se ter cometido a infracción.

3. CONTRATOS ADMINISTRATIVOS

3.1. A interpretación dos contratos administrativos.

Nos quince anos nos que o Consello Consultivo de Galicia vén desenvolvendo o seu labor de asesoramento, sometéronse ao ditame deste organismo catro expedientes de interpretación de contratos administrativos, dous deles neste último ano 2011.

Ambos os expedientes, remitidos polo Concello de Ourense, foron sometidos á mediación procedemental deste órgano consultivo na medida en que neles a adxudicataria formulaba oposición á interpretación contractual que facía a corporación local.

Cómpre en todo caso sinalar que a intervención do Consello Consultivo neste tipo de expedientes resulta do artigo 11 h) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, e 10 e 17.1 c) do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, aprobado polo Decreto 282/2003, do 22 de maio. En concreto, o artigo 11 h) da Lei 9/1995, do 10 de novembro, dispón como este órgano consultivo será consultado preceptivamente no caso de "*nulidade, interpretación e resolución dos contratos administrativos na forma establecida na Lei de contratos do Estado e de réxime local*".

Neste sentido o artigo 194 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (na actualidade, artigo 210 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público) establece "*Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados nesta lei, o órgano de contratación posúe a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta"*, exixindo o artigo 195.1 da LCSP (na actualidade, artigo 211.1 do texto refundido) que no expediente de exercicio destas prerrogativas se dea trámite de audiencia á adxudicataria. Ademais, engade o artigo 195.3 (na actualidade, artigo 211.3), que será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva nos casos de "*Interpretación, nulidade e resolución cando se formule oposición por parte do contratista"*.

Tamén na lexislación local o artigo 321 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recoñece ao órgano competente para a contratación a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados pola lexislación básica en materia de contratación, engadindo como os acordos ditados polo órgano competente poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, aínda que se exixe con carácter previo o informe do secretario e do interventor da Corporación, e a audiencia preceptiva do contratista, salvándose as eventuais responsabilidades e indemnizacións que procedan. Igualmente prevé que será necesario o ditame previo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de interpretación do contrato en que sexa formulada oposición por parte do contratista.

Sobre esta base, o CCG 254/11 puxo de manifesto, reiterando o xa sinalado no acordo de devolución 197/2004, que o artigo 48.2 do Regulamento de funcionamento do Consello Consultivo, exixe, no caso de ditames preceptivos, que a solicitude, xunto co expediente completo, incorpore proxecto ou proposta de resolución do órgano consultante.

Esta previsión implica, como advertiu o CCG 254/11, que a consulta que se realiza ao Consello Consultivo, require a formulación dun criterio definido por parte da entidade consultante (en concreto, o órgano de contratación) e coherente cun precedente procedemento contraditorio sobre o aspecto contractual debatido. Este criterio, debidamente motivado e documentado, será o eixo central do exame de legalidade que debe realizar este órgano consultivo, onde se desprende que o ámbito propio da consulta formulada a este consello debe vir delimitado pola parte conclusiva da proposta de resolución.

Esta exixencia procedemental foi adecuadamente cumprida no expediente que deu lugar ao CCG 403/11, ditame relativo á interpretación do contrato de explotación do servizo municipal de auga do Concello de Ourense, relativo (no que tocaba) á revisión do custo do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración.

O expediente sometido a ditame suscitaba unha interpretación contractual verbo das variables empregadas na fórmula de revisión de prezos empregada no contrato, en concreto, como debía determinarse o valor do KW/h recollido nas prescricións técnicas do contrato, unha vez que se deixara de publicar no ano 2008 o parámetro que se viña empregando para o efecto, a tarifa fixada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a venda de enerxía eléctrica na categoría de "*alta tensión, media utilización, non superior a 36 kv*.".

O Concello de Ourense propoñía, a este respecto, *"utilizar como prezo da enerxía na fórmula de revisión do custo do servizo de abastecemento de auga, saneamento e depuración, para o ano 2009 e seguintes, o valor correspondente do índice de enerxía elaborado polo Ministerio de Economía e Facenda que forma parte das series de "Índices de prezos de man de obra e materiais aplicables á revisión de prezos de contratos das administracións públicas" publicados polo dito Ministerio"*.

Pola súa banda, a entidade contratista opúxose a esta proposta de interpretación realizada polo Concello con base na consideración de que a entidade local estaba

variando un elemento integrante da fórmula de revisión de prezos, en concreto, a que atendía á variable "*prezo do Kw/h*", por canto o Concello acudía ao termo "*prezo da enerxía*", fixado oficialmente en consideración a elementos engadidos ao prezo da electricidade.

Mais en concreto, a mercantil alegaba que "*hasta el año 2008, el que se venía utilizando como índice respecto a la variable "prezo da enerxía" era "la tarifa fijada por el Ministerio de Industria, Turismo y Comercio para la venta de energía eléctrica correspondiente al escalón de alta tensión, media utilización, no superior a 36 kw/h*", engadindo como "*en consecuencia, y a raíz de la citada Orden ITC/1857/2008 únicamente se modifica esa tarifa, respecto al precio del kw/h, pero no en sí mismo el índice. Cuestión distinta es que ese ayuntamiento ante el considerable aumento de la tarifa reflejada en el (mismo) índice que se venía aplicando, quiera intentar por medio de una decisión unilateral modificar la fórmula polinómica utilizada para la revisión de precios cuestión que como ya se ha expuesto, con anterioridad, sería contraria a la legalidad*". Concluía entón a adxudicataria que o prezo da enerxía que pretendía aplicar unilateralmente o concello non era nin por asomo similar ao utilizado xa que "*únicamente recoge, respecto al 'precio kw/h' una ponderación del 25%, recogiéndose otras variables que sí son típicas de los contratos de obras*".

Así exposta a diverxencia formalizada sobre a interpretación daquela cláusula contractual, o CCG 403/11 considerou que, certamente, o Concello, na interpretación do contrato proposta, realizaba unha auténtica novación dunha previsión contractual, pois pretendía introducir, como parámetro de revisión do prezo, unha variable que non se correspondía coa contida no contrato (prezo do Kw/h), medida tradicional da facturación da enerxía eléctrica que foi pacificamente aplicada ao longo da vida do contrato coa utilización da xa referida tarifa que fixaba o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (alta tensión, media utilización, non superior a 36 kw/h).

Deste xeito, entendeu o Consello Consultivo que, en canto que novación do contrato, tal proceder ía máis alá do que demandaba o problema hermenéutico xurdido, pois non se estaba a determinar como debía interpretarse a cláusula contractual sobre a que se constituíra a discrepancia, ou noutras palabras, que debía entenderse por prezo do "Kw/h", senón que, operando a partir dunha perda do criterio interpretativo que se viña utilizando para tal ponderación, se pretendía introducir un

novo parámetro para a revisión do prezo, máis ou menos razoable, pero distinto, en todo caso, da fórmula empregada no contrato.

Por estas razóns, entendeu o ditame de razón que, na medida en que era factible a realización dunha interpretación da cláusula contractual máis axustada ao seu contido propio, era conclusión necesaria entender que non procedía a interpretación do contrato na fórmula proposta polo Concello que, polo demais, podería vulnerar o esencial principio do equilibrio financeiro propio da contratación pública.

Esta conclusión encontraba apoio no feito de que, como notou este órgano consultivo, a fórmula empregada no contrato aínda era susceptible de continuar servindo como variable do polinomio establecido para a revisión do prezo.

En concreto, o CCG 403/11 considerou que, sendo certo que a tarifa empregada xa non era publicada como tal, tamén o era que o termo utilizado para a revisión (o prezo do Kw/h en alta tensión) seguía sendo obxectivable como prezo de mercado –que obviamente non desaparecera- a través de técnicas que podían ser recoñecidas polas partes contratantes.

Existía, pois, a xuízo do Consello Consultivo, a posibilidade de identificar tal prezo a partir de estatísticas e mesmo publicacións oficiais (o prezo da enerxía fixado polo Ministerio de Economía para a revisión do prezo do contrato de obras inclúe a variable Kw/h en alta tensión que pesa un 35% na valoración do prezo que nunha porcentaxe do 25% corresponde naquel índice á enerxía eléctrica). Igualmente cabía a posibilidade de acudir a entidades que, dotadas de independencia e solvencia técnica, podían ofrecer un criterio obxectivo para a razoable fixación do parámetro controvertido en termos equivalentes aos que viñan sendo obxecto de aplicación. Este era o caso, sinaladamente, do INEGA, creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, como ente de dereito público con personalidade xurídica propia que, de conformidade co disposto no artigo 4 h) daquel texto, realiza, entre outras funcións a de "*elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados*".

E é que, se a cláusula de revisión de prezos modera os efectos do principio risco e ventura para o contratista, procurando o equilibrio financeiro do contrato, o razoable para non frustrar tal balance era, a xuízo do CCG 403/11, aplicar como criterio interpretativo do prezo Kw/h aquel que, nos termos apuntados, resultase máis

equivalente ao que se viña aplicando, e isto considerando en todo caso que o dito prezo se aplicaba en atención aos custos que para a entidade contratista representaba a execución do contrato, razón esencial da introdución da cláusula contractual obxecto da controversia.

3.2. A incautación da garantía definitiva e a indemnización de danos e perdas nos casos de resolución contractual imputable ao adxudicatario.

De conformidade co previsto no artigo 208.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (na actualidade, artigo 225.3 do texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro), "*Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, este deberá indemnizar a Administración os danos e perdas ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, se é o caso, se constituíse, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista no que se refire ao importe que exceda o da garantía incautada*".

Debe notarse que a dicción legal vixente difire substancialmente do artigo 113.4 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, xa que aquel artigo establecía o carácter automático da incautación da garantía definitiva para o caso de resolución contractual por causa imputable á adxudicataria: "*Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable da contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada*".

Polo tanto, no novo réxime legal dos contratos do sector público, a incautación da garantía definitiva deixa de ter unha función punitiva, de xeito tal que, só existindo danos e perdas que indemnizar, procederá aquela incautación (neste sentido, o ditame do Consello de Estado 186/2011).

Verbo da cuantificación dos danos e perdas que hai que indemnizar nos casos de resolución imputable ao contratista, vén sendo habitual tomar como base para aquela cuantificación o cálculo do exceso entre o importe do contrato resolto e o que se adxudique posteriormente (neste sentido, o CCG 274/11, 335/11 ou 393/11).

Tamén se considerou procedente incluír na indemnización o importe do financiamento con cargo a fondos estatais, para o caso de que aquela se perdese

efectivamente, e isto porque o contratista, ao asinar o contrato, asume a execución do obxecto do contrato en prazo, sendo en moitas ocasións coñecedor do tipo de financiamento do contrato e da súa eventual perda para o caso de incumprimento dos prazos de execución (neste sentido, o CCG 335/11).

Por último, atendendo á propia obriga de executar o contrato en prazo, considerou procedente este Consello Consultivo (entre outros, o CCG 393/11) integrar no *quantum* indemnizatorio os danos e perdas derivados da falta de disposición da obra, servizo ou subministración no prazo establecido. Se toda licitación pública responde a un interese público, a falta de execución do obxecto do contrato no prazo estipulado xera *per se* uns danos e perdas que perdurarán ata que aquel obxecto do contrato sexa finalmente executado.

4. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

4.1. A concorrencia de varias administracións públicas na causación do dano sen mediar unha *"xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación".*

O artigo 140 da LRXPAC, tras a reforma operada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, establece o réxime xurídico da "*responsabilidade concorrente das administracións públicas*", distinguindo entre o suposto de "*xestión dimanante de fórmulas de actuación conxunta*" (vid., convenios administrativos) e aqueloutros supostos de "*concorrencia de varias administracións na produción do dano*".

A distinción ten transcendencia, non só pola diferenza no seu réxime xurídico (apartados 1 e 2 do artigo 140), senón tamén polas previsións normativas establecidas exclusivamente para a tramitación do procedemento de responsabilidade no caso de xestión dimanante de fórmulas de actuación conxunta (artigo 18 do Real decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do procedemento de responsabilidade das administracións públicas), previsións que, en liña de principio, non serían de aplicación aos demais supostos de concorrencia de varias administracións públicas na causación do dano.

Este baleiro normativo, no que atinxe á tramitación dos expedientes de responsabilidade en que existe unha simple concorrencia na causación do dano, púxose de manifesto no CCG 108/11, ditame no que se examinou unha reclamación de responsabilidade patrimonial tramitada polo Concello de Oleiros e na que se

solicitaba a declaración de responsabilidade solidaria do concello, a Xunta de Galicia e a Administración do Estado pola demolición parcial dunha vivenda por mor da invasión parcial da zona de servidume de protección de dominio público marítimo – terrestre.

Con todo, o CCG 108/11 entendeu que o principio de contradición inherente ao procedemento administrativo así como o principio de eficacia administrativa, exixen neste tipo de procedementos a verificación do trámite de "*audiencia*" ou "*consulta*" ás distintas administracións públicas implicadas que prevé o artigo 18.2 do Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial para o suposto de existencia de "*xestión dimanante de fórmulas colexiadas de actuación*", e isto na medida en que deste trámite derivarán, en principio, elementos de xuízo de interese para a resolución que se dite no expediente de que se trate. Non pode obviarse que, se se trata de apreciar a concorrencia de distintas administracións públicas na causación do dano, aquelas administracións deben ter coñecemento da imputación realizada co fin, por unha banda, de alegar o que xulguen procedente no exercicio das súas competencias e en defensa dos intereses xerais aos que serven (artigo 103.1 da CE) e, por outra, de facilitar á administración fronte á cal se presenta a reclamación a información necesaria para o exercicio eficaz das súas competencias (artigo 4.1 c) e d) da LRXPAC).

Sentado este extremo, no ditame de referencia pasou a analizarse a existencia ou non dunha relación de causalidade entre a demolición parcial da vivenda que motivaba a reclamación, e un deficiente funcionamento das distintas administracións públicas implicadas pola parte demandante, considerando que a demolición da vivenda foi acordada con base na invasión, non autorizada, da servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre, invasión que, cómpre sinalar, fora autorizada con base nunha planimetría errónea da modificación dun plan parcial de iniciativa particular.

Neste sentido o CCG 108/11 considerou que a imputabilidade do Concello de Oleiros resultaba indubitada por canto, aínda que se tratara dunha modificación dun plan parcial de iniciativa particular, a súa aprobación definitiva correspondía ao Concello en virtude do previsto no artigo 45.2 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia. Polo tanto, como admitía a propia proposta de resolución, á Administración municipal correspondíalle un exame da legalidade e coherencia

interna dos documentos que os promotores, ao abeiro do artigo 36 da antedita lei, elevaran ao Concello para a súa tramitación.

Por outra banda, no que atinxe á Administración estatal, da documentación que figura no expediente parecía desprenderse un deficiente funcionamento daquela ao non ter detectado, nos informes por ela emitidos no procedemento de modificación do plan parcial, a contradición entre os planos e o erróneo grafado nun deles da liña de servidume. Cómpre notar que o informe da Dirección Xeral de Costas, previo á aprobación definitiva, fora favorable aínda que condicionando o seu sentido *"a la necesidad de hacer constar en los planos el carácter provisional de la línea de deslinde del dominio público marítimo terrestre…",* carácter provisional que non constaba que tivese influído en ningún modo no suposto obxecto do ditame.

Débese notar neste punto que o artigo 112 a) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, prevé a emisión dun informe por parte da Administración do Estado, con carácter preceptivo e vinculante, no caso de *"plans e normas de ordenación territorial ou urbanística e a súa modificación ou revisión, en canto ao cumprimento da lexislación estatal e da ocupación do dominio público marítimo – terrestre"*.

A sentenza do Tribunal Constitucional 149/1991, do 4 de xullo, analizou a constitucionalidade do carácter vinculante deste informe nos seguintes termos: *"… el carácter vinculante que a tales informes preceptivos se otorga y que, como más tarde veremos, se encuentra considerablemente atenuado, en lo que respecta a los planes y normas de ordenación territorial o urbana, por lo dispuesto en el art. 117 de la propia Ley, pues la fuerza que así adquieren esos informes convierte de hecho la aprobación final del plan o proyecto en un acto complejo en el que han de concurrir dos voluntades distintas y esa concurrencia necesaria sólo es constitucionalmente admisible cuando ambas voluntades resuelven sobre asuntos de su propia competencia* (…) *En el contemplado en el párrafo a), la competencia ejercida, mediata o inmediatamente, por las Comunidades Autónomas que han de aprobar los planes o normas de ordenación territorial es la que, con carácter exclusivo, le conceden los respectivos Estatutos sobre la materia, en tanto que la competencia estatal (más precisamente facultad inherente en la titularidad estatal) es la que tiene por objeto la protección física del demanio y la garantía de su utilización y no es sólo a estas tareas a las que el precepto se refiere al mencionar todas las disposiciones de la Ley y de las normas dictadas para su desarrollo y aplicación*.

Prescindiendo de que, en cuanto en esta última referencia se entiendan incluidas las normas dictadas al amparo del art. 34, debe tenerse por nula, es obvio que entre las disposiciones de la Ley se encuentran, por ejemplo, las que prohíben determinadas actuaciones en la zona de protección o las limitan en la zona de influencia, que hemos considerado legítimas como normas de protección del medio ambiente costero, cuya ejecución corresponde, por esta razón, a las Comunidades Autónomas. Cuando entienda que los planes o normas de ordenación territorial infringen tales normas, la Administración estatal podrá sin duda objetarlas, pero su objeción no resulta vinculante, pues no es a la Administración estatal, sino a los Tribunales de Justicia a quien corresponde el control de legalidad de las Administraciones autónomas y a éstos deberá recurrir aquella para asegurar el respecto de la Ley cuando no es la competente para ejecutarla. Cuando, por el contrario, el informe de la Administración estatal proponga objeciones basadas en el ejercicio de facultades propias, incluida la de otorgar títulos para la ocupación o utilización del demanio o preservar las servidumbres de tránsito o acceso, para referirnos sólo a las derivadas de la titularidad demanial, a las que como es lógico, cabe añadir las que derivan de otras competencias sectoriales (defensa, iluminación de costas, puertos de interés general, etc.), su voluntad vinculará sin duda a la Administración autonómica, que habrá de modificar en concordancia los planes o normas de ordenación territorial o urbanística".

